

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de marzo de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 20 de marzo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36258.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026.

2.36259.- APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA “PROVINCIA + INCLUSIVA” 2026. (EXPT. 2025080288)

• ANTECEDENTES

Primeiro.- De conformidade có establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se define ás entidades de iniciativa social como “*aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro*”, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está a promoción da inclusión social, a participación comunitaria e o apoio ás mencionadas entidades.



No seu artigo 31, a Lei 13/2008 establece que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social se promoverá mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

Por outra banda, o artigo 22 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, reconece o dereito das persoas con discapacidade a vivir de forma independente e a participar activamente en todos os aspectos da vida, para o que os poderes públicos han de adoptar as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, entre outros aspectos na información e comunicacións e en outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas coma rurais.

No ámbito local, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que son competencias propias das Deputacións provinciais as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Segundo.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca por terceiro ano consecutivo unha liña de subvencións para investimento dirixidas a entidades sen fins de lucro có fin de promover a accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas, dentro do programa *“Provincia + Inclusiva”*.

Terceiro.- O obxecto destas bases é regular o procedemento para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación no ano 2026.

Cuarto.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, conforme aos criterios establecidos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Quinto.- As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra.

Non obstante, serán compatibles coas axudas do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026, sempre que teñan distinta finalidade.



Sexto.- Serán subvencionables, podendo incluír na solicitude un ou varios dos seguintes gastos:

- Gastos derivados das obras de mellora da accesibilidade en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non serán subvencionables os gastos de obras de mellora da accesibilidade nos inmobles de alugueiro.
- Os custos de redacción da memoria técnica do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra.
- Adquisición de sistemas de comunicación que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas beneficiarias nas actividades da vida diaria, tales como os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAACs). Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.
- Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.

Sétimo.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a 210.000,00 euros.

O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder o 80% do seu orzamento, nin a cantidade de dez mil (10.000,00) euros.

As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, de acordo cos criterios establecidos na base décimo segunda.

Oitavo.- Con data 13 e 19 de febreiro de 2026, respectivamente, Secretaría Xeral (CSV: 1OL1WFKE1OH3MYJS) e Intervención (CSV: 0NBZH731V0QO044E) emiten informe favorable en relación coa tramitación deste expediente.

No informe de Intervención recóllense unha serie de observacións sobre a valoración e os criterios de concesión. En atención ao anterior, con data 3 de marzo de 2026 o Servizo de Benestar Social emite informe complementario e proposta de modificación das bases (CSV: JLMAMY8US0D3UAV5), respecto do que Secretaría (CSV: WD7IOGEOCMC9SFUF1) e Intervención (CSV: 20H3H1R4QIRGEBE7) prestan a súa conformidade con datas 6 e 10 de marzo de 2026, respectivamente.



Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial, e á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria e bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, programa “Provincia + Inclusiva” 2026.

Ditas bases, que figuran asinadas dixitalmente no expediente co CSV: LNOWI6QR4BNZ6KIL, teñen o seguinte teor literal:

“ CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA “PROVINCIA +INCLUSIVA” 2026

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense as entidades de iniciativa social como “aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro”.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten o compromiso de apoiar estas entidades, materializado nas diferentes liñas de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social que se convocan cada ano.

Neste contexto, en 2024 púxose en marcha un novo programa, “Provincia +inclusiva”, polo que se convocou unha liña de subvencións para gastos de investimento, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro de municipios de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, e a través da cal se repartiron 114.575,18 euros para financiar dezanove proxectos.

No ano, 2025 tivo continuidade esta liña de subvencións, ampliándose o seu ámbito de actuación a todos os concellos da provincia de Pontevedra. Nesta segunda convocatoria incrementouse o número de subvencións concedidas, resultando beneficiarias un total de trinta entidades sen fins de lucro, entre as que se repartiu un total de 197.253,81 euros para a posta en marcha de obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles, a adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e de axudas técnicas.

Con esta nova convocatoria, a Deputación de Pontevedra busca darlle continuidade á liña iniciada para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación.

A finalidade desta convocatoria é a promoción da accesibilidade universal en todos os ámbitos onde existen barreiras que impiden a participación activa de todas as persoas en condicións de igualdade e autonomía, o que sen dúbida debe implicar ao tecido asociativo, como ámbito subxectivo necesario para conquistar a inclusión.

Desde a perspectiva competencial, o marco normativo vixente en materia de discapacidade, inclusión e servizos sociais proporciona unha sólida base xurídica para o desenvolvemento das actuacións obxecto destas bases.

En particular, o Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, recoñece o dereito á igualdade de oportunidades, á vida independente e á participación plena das persoas con discapacidade, impondo aos poderes públicos a obriga de garantir a accesibilidade universal e a non discriminación, así como de promover medidas de apoio, incluídas axudas e subvencións, para a adaptación de contornas, bens e servizos. Este marco foi reforzado pola Lei 6/2022, de 31 de marzo, de modificación do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, que incorpora expresamente a accesibilidade cognitiva como elemento esencial da accesibilidade universal.



No ámbito autonómico, a Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, establece entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais a promoción da inclusión social, a participación comunitaria e o apoio ás entidades de iniciativa social, prevendo expresamente o outorgamento de subvencións como instrumento para o cumprimento dos seus fins, atendendo ao interese social, á complementariedade coa oferta pública e á eficiencia no uso dos fondos públicos.

Finalmente, no ámbito local, tanto a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, como a Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, atribúen ás deputacións provinciais competencias propias no fomento do desenvolvemento económico e social e na promoción dos intereses da provincia, o que ampara a súa intervención mediante políticas de apoio e cooperación a través de instrumentos de fomento como as subvencións.

Segundo todo o exposto, e en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no R. d. 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, así como o establecido na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, a devandita institución provincial promove esta convocatoria de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación no ano 2026.

Segunda. Principios reguladores

A xestión e a concesión destas axudas realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios establecidos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceira. Financiamento, contías e límites

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a douscentos dez mil (210.000,00) euros, que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento nin da cantidade de dez mil (10.000,00) euros. En caso de que o importe solicitado supere estes límites, non se terá en conta o exceso.

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.
- b. Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.



- c. *Estar ao corrente de pago no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.*
- d. *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de marzo de 2027.

Gastos subvencionables:

- *Gastos derivados das obras de mellora da accesibilidade en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non serán subvencionables os gastos de obras de mellora da accesibilidade nos inmobles de alugueiro.*
- *Os custos de redacción da memoria técnica do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra.*
- *Adquisición de sistemas de comunicación que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas beneficiarias nas actividades da vida diaria, tales como os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAACs). Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.*
- *Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.*

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables antes descritos.

Non serán subvencionables:

- *Os gastos correntes de mantemento do local (tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiros de locais, telefonía e calquera outro de similar natureza).*
- *Actuacións financiadas en convocatorias anteriores. Si poderán ser subvencionables novas fases, ampliacións ou melloras de actuacións anteriores en materia de accesibilidade, sempre que non se trate da mesma actuación e non exista dobre financiación.*
- *As actuacións que non teñan a consideración de investimento.*
- *Os investimentos cuxo obxectivo non sexa a mellora da accesibilidade.*

Sexta. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra.

Non obstante, serán compatibles coas axudas do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026, sempre que teñan distinta finalidade.



Porén, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo do obxecto da subvención.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación de Pontevedra, e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/153404123>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Ck@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa ATRIGA.
- Certificado de estar ao corrente do pago coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente do pago coa Deputación de Pontevedra.

En caso de que as entidades solicitantes se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

Décima. Documentación complementaria

A solicitude presentada no modelo normalizado irá acompañada da seguinte documentación que proceda, en arquivos independentes en formato PDF e co nome de cada un deles:

- *Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no*



artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.

- *Escritura de constitución da entidade, estatutos vixentes e composición actualizada da xunta directiva, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas ou que sufrisen algunha variación con respecto á última documentación presentada nesta liña de subvencións.*
- *En caso de que o domicilio fiscal da entidade estea situado fóra da provincia de Pontevedra, documentación acreditativa de posuír unha sede ou delegación permanente nesta.*
- *Certificado bancario de titularidade da conta indicada na solicitude, en caso de non presentalo con anterioridade.*
- *Orzamento ou orzamentos realizados por empresas provedoras onde se detalle o custo dos equipamentos ou actuacións para os cales se solicita a subvención. Os orzamentos deberán figurar desagregados por prezos unitarios e con indicación do IVE aplicable.*

Cando o importe dun proxecto de investimento subvencionable sexa igual ou superior a seis mil (6.000,00) euros, deberanse presentar tres orzamentos de diferentes empresas, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado número suficiente de entidades que fornezan ou presten os investimentos proxectados, ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude da subvención. No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa de entre as ofertas presentadas, deberase presentar unha memoria que xustifique tal decisión.

- *Proxecto descritivo do investimento para o que se solicita a subvención, asinado pola persoa representante da entidade, no que se incluírá a seguinte información, á fin da súa valoración conforme os criterios establecidos na base décimo segunda:*
 - *Xustificación das necesidades e da situación de partida.*
 - *Características do investimento obxecto de subvención.*
 - *Resumo dos proxectos e/ou actividades a levar a cabo nas instalacións a reformar ou coas axudas técnicas ou sistemas inclusivos de comunicación a adquirir: metodoloxía, obxectivos e indicadores de avaliación, así como o impacto social esperado.*
 - *Número de persoas beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención. A efectos de valoración, consideraranse como tales, entre outras, as persoas usuarias habituais do servizo, as persoas atendidas no centro ou as potenciais usuarias das instalacións, axudas técnicas ou sistemas inclusivos de comunicación. O número de persoas beneficiarias terá carácter de declaración responsable, podendo o órgano instructor comprobar a súa veracidade e, no seu caso, requirir documentación adicional ou axustar a puntuación outorgada.*
 - *Ámbito territorial do proxecto (concellos de influencia do proxecto obxecto de subvención).*
 - *Situación xurídica das instalacións (en propiedade, cesión ou outros títulos habilitantes).*
 - *Sempre que sexa posible, incluíranse fotografías que permitan unha mellor identificación da intervención que se vai a executar.*

Non presentar o proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite, ao ter este carácter esencial para a súa tramitación.

- *No suposto de obras de mellora da accesibilidade:*
 - *Proxecto técnico, documento técnico ou, no seu caso, memoria descritiva da actuación que se pretende desenvolver, debidamente asinada. Como mínimo deberá conter os seguintes apartados:*
 - *Detalle pormenorizado das obras proxectadas, a situación xurídica das instalacións (en propiedade, cesión ou outros) e xustificación da necesidade e de que o obxecto é a mellora da accesibilidade.*



- Orzamento detallado e totalizado (coas cantidades, os prezos unitarios e o IVE) do investimento. Deberá coincidir cos orzamentos achegados.
- Fotografías que permitan identificar mellor as actuacións que se van executar.
- Os solicitantes deberán xustificar, de maneira axeitada, a mellora das condicións de accesibilidade do local ou do espazo de referencia. Deberanse detallar de maneira clara e cuantificable as melloras respecto á situación existente, explicando como e en que medida se lles vai facilitar o acceso e a utilización non discriminatoria, independente e segura dos espazos ás persoas con discapacidade.

Naqueles casos onde, pola antigüidade do edificio ou por outras razóns técnicas, non sexa posible cumprir con todos os parámetros de accesibilidade legalmente exixibles, será necesario xustificar como as obras propostas representan unha mellora substancial na calidade de vida das e dos usuarios e a inclusión de persoas con discapacidade. Este tipo de xustificación deberá estar apoiada por un informe técnico no que se expliquen as dificultades e as alternativas adoptadas.

- Título habilitante municipal, coas autorizacións sectoriais que resulten preceptivas.
- Documento que acredite a titularidade ou o dereito de uso do inmovible por calquera outro título válido en dereito, de acordo co establecido na base quinta.

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramites_xenericos. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

Non será válido usar outros medios de comunicación, como correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só se poderá contactar coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Décimo segunda. Valoración e criterios de concesión

Os criterios de valoración das solicitudes clasificaranse nos relacionados coa entidade e co investimento para o que se solicita a subvención, segundo se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas.

Cada actuación poderá obter ata un máximo de 100 puntos. Os criterios especifícanse a continuación:

A) Criterios relacionados coa entidade (máximo de 20 puntos):

1. Traxectoria da entidade (máximo de 20 puntos)

- Antigüidade de menos de cinco anos: 5 puntos
- Antigüidade de entre cinco e nove anos: 10 puntos
- Antigüidade de entre dez e quince anos: 15 puntos
- Antigüidade de máis de quince anos: 20 puntos



B) Criterios relacionados co investimento obxecto de subvención (máximo de 80 puntos):

1. Persoas beneficiarias directas do investimento (máximo de 20 puntos): valorarase o número de persoas beneficiarias directas segundo a estimación contida na memoria do proxecto. Para estes efectos, a entidade solicitante deberá xustificar o número mediante memoria técnica motivada, datos estatísticos, padrón municipal, rexistros propios ou calquera outro medio obxectivo que permita a súa verificación.

O número declarado terá carácter de compromiso vinculante para a entidade beneficiaria. No suposto de que, na fase de xustificación, se comprobe que o número real de persoas beneficiarias é inferior ao valorado para efectos de concesión, poderá aplicarse unha minoración proporcional da subvención concedida en función do grao de desviación producido, sen prexuízo das demais consecuencias previstas na normativa de subvencións.

- Ata 20 persoas beneficiarias: 10 puntos*
- Entre 21 e 40 persoas beneficiarias: 15 puntos*
- Máis de 40 persoas: 20 puntos*

2. Ámbito de actuación do proxecto obxecto de subvención (máximo de 20 puntos): valorarase o ámbito territorial de execución do proxecto, atendendo á súa extensión e impacto dentro do territorio correspondente.

O ámbito declarado deberá quedar claramente definido na memoria presentada e terá carácter vinculante para a entidade beneficiaria. No caso de que o ámbito real de execución resulte inferior ao comprometido e valorado, poderá aplicarse unha minoración proporcional da subvención en función da desviación acreditada.

- O ámbito de actuación do proxecto é o concello no que se desenvolve o obxecto de subvención: 7 puntos*
- Abrangue de dous a cinco concellos: 10 puntos*
- Abrangue de seis a dez concellos: 12 puntos*
- Abrangue de once a quince concellos: 15 puntos*
- Abrangue máis de quince concellos: 20 puntos*

3. Achega económica propia da entidade (máximo de 20 puntos):

- Entre o 21 % e o 30 % do importe do proxecto: 5 puntos*
- Entre o 31 % e o 40 %: 10 puntos*
- Entre o 41 % e o 50 %: 15 puntos*
- Superior ao 51 %: 20 puntos.*

4. Elaboración do proxecto descritivo (máximo de 20 puntos):

- Descrición das necesidades e situación de partida: ata 10 puntos*
- Resumo de proxectos/ actividades, metodoloxía, obxectivos, indicadores e impacto social: ata 10 puntos*

Os elementos e circunstancias que fosen obxecto de valoración e determinantes da concesión da subvención terán carácter vinculante e integraranse na proposta de concesión.

O seu incumprimento total ou parcial poderá dar lugar á minoración da contía concedida ou, se procede, ao reintegro total ou parcial da subvención, conforme ao disposto na normativa reguladora das subvencións e nas presentes bases.

Décimo terceira. Procedemento de concesión

13.1. A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

Estabécese un prazo máximo de oito (8) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido este prazo sen que se resolva



nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

13.2. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e os servizos.

O órgano instrutor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propondrá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidencia:*
 - *A xefa do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue.*
- *Vogalía:*
 - *A xefa do Servizo de Arquitectura ou persoa en quen delegue.*
 - *Unha arquitecta ou arquitecto técnico do Servizo de Arquitectura.*
- *Secretaría:*
 - *Unha traballadora social do Servizo de Benestar Social.*

13.3. Resolución provisional de solicitudes

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, que se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>). Esta notificación terá o carácter de colectiva, para os efectos do previsto nos artigos 45.1.b da LPACAP e 24.4 da LXS.

As entidades propostas como beneficiarias admitidas e excluídas dispoñerán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia; en caso de non comunicar nada no prazo indicado, a axuda terá a consideración de aceptada.

13.4. Resolución definitiva

Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Para calcular a contía da subvención, empregarase un algoritmo no que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos da súa exclusión.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO da resolución definitiva de concesión.



A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo cuarta. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada Única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> directamente desde <https://debu.redsara.es>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e considerárase rexeitada cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo quinta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sexta. Obrigacións das entidades beneficiarias

De conformidade co previsto nestas bases e segundo o establecido no artigo 14 da LXS, as entidades están obrigadas a:

- *Destinar o importe das subvencións a cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Realizar as actuacións obxecto de subvención nos prazos sinalados nestas bases.*
- *No caso das obras, destinar os bens inmobles ao fin concreto polo cal se lle concedeu a subvención durante un mínimo de 5 anos. O resto de bens de equipamento subvencionados deberán destinarse ao fin para o que se concede a subvención durante un período mínimo de dous anos.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que presentarán tanta información se lles requira no prazo que establece a institución provincial, segundo o estipulado no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
- *Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións subvencionadas.*
- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.*
- *Darlle a axeitada publicidade ao financiamento por parte desta institución das actuacións subvencionadas; indicaranse as accións de comunicación realizadas, as fotografías e demais documentación que consideren necesaria e que permita constatar a realidade e veracidade da difusión. Respecto á imaxe institucional, na dirección*



<https://www.depo.gal/identidade-corporativa> atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Unha vez resolta a convocatoria, e comunicada a concesión da subvención, farase entrega desde a Deputación de Pontevedra dun cartel informativo no que se indica que se trata dun investimento subvencionado pola institución provincial co fin de lle dar a axeitada publicidade. Estes carteis entregaranse nun acto que terá lugar na Deputación de Pontevedra; previamente informarase do lugar, da data e da hora.

- As entidades sen fins de lucro estarán obrigadas a cumprir o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, á hora de contratar a realización de obras, a adquisición de bens inventariables, así como a normativa sectorial aplicable en materia de permisos, licenzas ou calquera outro asunto relacionado co obxecto da subvención con especial atención á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á perda da subvención.

Décimo sétima. Xustificación

Notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actuación, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 30 de abril de 2027, incluído.

As entidades beneficiarias deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

1. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Os investimentos incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de marzo de 2027. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e desagregadas en prezos unitarios. Destacarase que o resto dos xustificantes das contas se atopan en poder da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas Bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible na ficha do procedemento na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra).
2. Conta xustificativa de gastos, segundo o formulario modelo 100.001 dispoñible na Sede electrónica, atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poña de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % dos custos con respecto ao orzamento inicial presentado.

3. Memoria xustificativa do investimento realizado, na que se mencionarán expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución e os recursos financeiros aplicados, e na que se indicará que se cumpriron os obxectivos propostos. En caso de obras, indicación de que estas cumpren a normativa de accesibilidade conforme ao proxectado inicialmente.
4. Acreditación do cumprimento da obriga de darlle difusión ao financiamento obtido. En caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión.

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só se poderá utilizar o pago en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006,



de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

O incumprimento da obrigaón de xustificación implicará a perda da subvención.

Décimo oitava. Pago

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifique un gasto inferior, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.

O pago da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade na solicitude.

Décimo novena. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De forma supletoria, aplicarase o disposto na LXS, a LSG, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na restante normativa aplicable.

Así mesmo, serán aplicables a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a LPACAP e as demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

3.36260.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL" (EXPT.E.2026008081)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 16/02/2026, con rexistro núm. WEB2026009778, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Baiona na que solicita unha subvención por importe de 88.998,92 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026008081), cun orzamento por importe de 148.331,54 euros.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Escola de verán	28.000,00 €	16.800,00 €
Baiona Lila	12.049,52 €	7.229,71 €
Baiverán 2026	75.000,00 €	45.000,00 €
Festa do Carne 2026	33.282,02 €	19.969,21 €
TOTAL	148.331,54 €	88.998,92 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 16/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF:P3600300B, a cantidade de 88.998,92 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026008081), cun orzamento por importe de 148.331,54 euros para levar a cabo as seguintes actividades:



	Orzamento	Subvención
Escola de verán	28.000,00 €	16.800,00 €
Baiona Lila	12.049,52 €	7.229,71 €
Baiverán 2026	75.000,00 €	45.000,00 €
Festa do Carne 2026	33.282,02 €	19.969,21 €
TOTAL	148.331,54 €	88.998,92 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

4.36261.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPT. 2026007319)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE COVELO					
Data de presentación:		11/02/2026 (registro WEB2026008937)			
Data de emenda:		23/02/2026 (registro WEB2026011435)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 8 meses; 2 condutores/as de camión, 7 peóns forestais, 1 albanel e 1 carpinteiro/a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses e 2 peóns de limpeza en xornada de 30 h./sem. durante 3 meses	127.370,40 €	124.244,90 €	14.372,25 €	112.998,15 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE COVELO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	112.998,15 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos



programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.

- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na



normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: ZE4I3IRG80TVMK1M) e do informe de Intervención (CSV: F0Y8AARCIJDWJ9FV), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Covelo* (CIF P3601300A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Covelo (P3601300A)	14	1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 8 meses; 2 condutores/as de camión, 7 peóns forestais, 1 albanel e 1 carpinteiro/a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses e 2 peóns de limpeza en xornada de 30 h./sem. durante 3 meses	112.998,15 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.



- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.36262.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN E MELLORA DO ESPAZO DEPORTIVO DO CABEZO. CONSTRUCCIÓN DO XOGO DE BOLOS” (EXPT. 2025082097)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Oia o importe que lle corresponde é de 94.366,98 euros.
- En data 19/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025086549) dunha petición do Concello de Oia, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 94.366,98 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Ampliación e mellora do espazo deportivo do cabezo. construción do xogo de Bolos”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 13/02/2026.



- Así mesmo, o 13/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 05/03/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Oia relativa ao financiamento do investimento denominado “Ampliación e mellora do espazo deportivo do cabezo. construción do xogo de Bolos” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 94.366,96 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Oia*, CIF P3603600B a cantidade de 94.366,96 € con destino ao financiamento do investimento “Ampliación e mellora do espazo deportivo do cabezo. construción do xogo de Bolos” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Oia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.36263.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026 E 2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DE CARÁCTER PLURIANUAL “NOVO BOMBEO E DEPÓSITO DE RETENCIÓN DA SECA E MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (EXPT. 2026007207)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Con data 03/10/2024, o *Concello de Poio* e Augas de Galicia asinan un convenio de colaboración para a execución da actuación “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” quedando distribuído o financiamento do acordo coa seguinte táboa:

ANUALIDADE	IMPORTE	AUGAS	ACHEGA CONCELLO
2024	500,00	500,00	0,00
2025	1.570.032,68	1.506.513,20	63.519,48
2026	2.109.155,51	1.839.594,10	269.561,41
2027	348.379,31	278.703,45	69.675,86
TOTAL	4.028.067,50	3.625.310,75	402.756,75



- Con data 13/06/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.35336 concédese, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, ao concello de POIO unha subvención por importe de 63.519,48 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2025 do convenio asinado entre a entidade municipal e Augas de Galicia para a execución do investimento arriba salientado “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS”.
- En data 11/02/2026, mediante rexistro WEB2026008932, emendado en data 09/03/2026 mediante rexistro WEB20260017652, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de POIO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 339.237,27 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 e 2027, ao convenio de colaboración entre a Augas de Galicia e o Concello de POIO para a actuación “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS”, quedando configurada a súa petición de carácter plurianual, tal e como se indica na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA	AUGAS DE GALICIA
2025	356.788,96	63.519,48 (subvención concedida Plan + Provincia 2025- exp: 2025004336)	293.269,48
2026	2.325.409,28	269.561,41	2.055.847,87
2027	801.594,88	69.675,86	731.919,02
TOTAL	3.483.793,12	402.756,75	3.081.036,37

- O resto da documentación obra no expediente 2025004336 ao abeiro da solicitude presentada polo concello en data 27/01/2025 para o financiamento da achega municipal ao convenio asinado entre o Concello de Poio e Augas de Galicia e correspondente ao exercicio 2025.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación de data 28/05/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/03/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 339.267,27 euros, distribuída en dúas anualidades, correspondendo 269.561,41 euros á anualidade 2026 e 69.675,86 á anualidade 2027, co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 e 2027 ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de POIO para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación “NOVO BOMBEO E DEPOSITO DE RETENCION DA SECA E MELLORA DA ESTACION DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” (exp.: 2026007207), cuxo orzamento ascende a 3.127.004,16 euros (anualidade 2026 e 2027), quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:



Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027	Augas de Galicia
2026	2.325.409,28	269.561,41	2.055.847,87
2027	801.594,88	69.675,86	731.919,02
TOTAL 2026-2027	3.127.004,16	339.237,27	2.787.766,89

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 na que existe crédito para facer fronte á anualidade 2026. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029 O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.36264.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026009178)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.



- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE POIO					
Data de presentación:		19/02/2026 (registro WEB2026010553)			
Data de emenda:		25/02/2026 (registro WEB2026012201)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
23	1 operario/a canceiro/a, 2 operarios/as de servizos varios e 2 oficiais de 1ª electricistas en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 8 meses; 3 subalternos/conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 8 meses; 2 traballadores/as do ciclo superior de turismo e 1 traballador/a social en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial de 1ª condutor/a de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 5,5 meses; 3 operarios/as de servizos múltiples praias e 1 animador/a sociocultural en xornada de 32,5 h./sem. durante 4,5 meses; 2 oficiais de 1ª condutores/as de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 auxiliar de clínica (T.C.A.E) en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses	244.496,48 €	244.496,48 €	14.514,33 €	229.982,15 €



- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE POIO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	229.982,15 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando



como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas.

En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: FJFGATQNRWENEQTD) e do informe de Intervención (CSV: WQU0Q8FRA302131Q), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Poio* (CIF P3604100B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Poio (P3604100B)	23	1 operario/a canceiro/a, 2 operarios/as de servizos varios e 2 oficiais de 1ª electricistas en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 4 limpadores/as en xornada de 28 h./sem. durante 8 meses; 3 subalternos/conserxes en xornada de 25 h./sem. durante 8 meses; 2 traballadores/as do ciclo superior de turismo e 1 traballador/a social en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial de 1ª condutor/a de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 5,5 meses; 3 operarios/as de servizos múltiples praias e 1 animador/a sociocultural en xornada de 32,5 h./sem. durante 4,5 meses; 2 oficiais de 1ª condutores/as de praias en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 auxiliar de clínica (T.C.A.E) en xornada de 20 h./sem. durante 3 meses	229.982,15 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



8.36265.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN BARCIELA - STA. CRISTINA DE COBRES” (EXPTE.2026002466)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 16/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026002679), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do *Concello de Vilaboa* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 77.076,35 euros, con destino ao financiamento “PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN BARCIELA - STA. CRISTINA DE COBRES”, cun orzamento por importe de 77.076,35 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	77.076,35	77.076,35	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega, informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que deberase presentar declaración responsable ante Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29^a, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/02/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/02/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* CIF: P3600048G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026), unha subvención por importe de 77.076,35 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN BARCIELA - STA. CRISTINA DE COBRES” (exp.2026002466), cuxo orzamento ascende a 77.076,35 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	77.076,35€	77.076,35€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao concello de *Vilaboa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.36266.- APROBACIÓN VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA “CONTRATO DERIVADO LOTE 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025”. (EXPTE. 2026010241)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/07/2025 acordou adxudicar a empresa UTE NAROM, SL - AUDECA, SL (NIF U72478480) o “*contrato derivado Lote 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*”, por un importe de 738.122,47 € (IVE engadido), estimándose un prazo de execución de SEIS (6) MESES (CSV: CM1FFDWO2P399HM6).

Resultando.- Que con data 29/08/2025 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 28/02/2026 (CSV: 7P70793W19I3UCVM).

Resultando.- Que en data 24/02/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 5 ordinaria polo período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2025, por importe de 51.019,14 € (CSV: 74RQTD54XNWBSBJ).

Resultando.- Que en data 25/02/2026 mediante dilixencia emendouse un erro na devandita certificación (CSV: SZGII0H7CT0YTQQV).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 5, esta devólvea informada en data 27/02/2026 (CSV: V1EF9C1P56GWBBU) concluíndo que “*dado que a expedición da certificación non cumpre o prazo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno*”, e facendo constar as seguintes observacións:

“Apréciase unha demora importante na expedición da certificación, xa que comprende as obras executadas durante o mes de decembro de 2025 e a súa expedición realizouse o 24 de febreiro de 2026, excedendo amplamente o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde, establecido no art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público”.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.



Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 5 da obra “*Contrato derivado Lote 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*”, polo importe bruto de 51.019,14 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
UTE SEGURIDAD VIAL DIP CENTRO. NAROM SL Y AUDECA SLU UNION (U72478480)	2026/456.4530.61201.2024	51.019,14 €
	Descontos	
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	1.417,30 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	1.155,03 €
	Total descontos	2.572,33 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR	48.446,81 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

10.36267.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA E LECTURA DE PARAMENTOS DO CONVENTO DE SANTA CLARA. (EXPTÉ. 2025004942)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 03 de outubro de 2025, acordou a adxudicación do contrato do “*servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra*”, á empresa Citania Arqueoloxía, SL (NIF: B36571057) por importe de 257.000,00 €, máis a cantidade de 53.970,00 € en concepto de IVE, ascendendo a un total de 310.970,00€.

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 03 de novembro de 2025, establecéndose un prazo de execución distribuído nas sucesivas fases, a contar dende a data de formalización do contrato, sen posibilidade de prórroga, de acordo co sinalado na cláusula 6 do prego administrativo.



Resultando.- Que en cumprimento do previsto, a contratista presentou o documento definitivo do proxecto (2º fase dos traballos), elaborado conforme ás indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, para a súa supervisión previa antes da presentación de solicitude de autorización á autoridade competente, remitido ao efecto con data 18 de decembro de 2025.

Resultando.- Que con data 12 de febreiro de 2026, o Departamento territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con competencia en Patrimonio autorizou o *“Proxecto de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do Convento de Santa Clara”*, o cal introduce modificacións respecto ao inicialmente presentado.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 23 de febreiro de 2026, a xefa de xestión do Museo de Pontevedra, conxuntamente co deputado delegado, propón a modificación do devandito contrato (CSV: YEF6OPSZAVIJB7X), corrixida mediante dilixencia de data 26 de febreiro de 2026 (CSV: 6UH4YNKIYPECNC65). A modificación proposta ten por obxecto ampliar a superficie de escavación inicialmente prevista, o que comporta o correlativo incremento de recursos e custos, así como a prolongación do prazo de execución da fase correspondente.

A contía da modificación proposta, tendo en conta o orzamento autorizado no proxecto definitivo, é de 121.205,70 € (100.170,00 €, máis 21.035,70 € correspondentes ao 21% de IVE). En consecuencia, a execución dos traballos necesarios implican tamén a ampliación do prazo de execución da fase 2 en dous meses, con respecto ao previsto na cláusula 6 do prego administrativo, pasando dun prazo inicial de tres meses a un total de cinco meses.

Resultando.- Que o proxecto definitivo, que conta cumpre coas esixencias técnicas impostas pola autoridade competente para a concesión da autorización sectorial, o cal foi redactado pola empresa contratista, do que se desprende a súa conformidade, tanto co contido como co alcance da intervención prevista, en atención ás modificacións introducidas no marco do contrato. Esta conformidade queda ademais acreditada no expediente mediante escrito presentado pola empresa.

Resultando.- Que consta no expediente o documento RC número 12026000046926, polo importe de 121.205,70 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/333.3330.632.03 do vixente orzamento provincial. Resultando.- Que consta no expediente o informe do xefe de servizo de Contratación con data 10 de marzo de 2026 (CSV: QJ1UJQKQIP36Y34J), conformado pola Secretaría Xeral e Intervención desta institución provincial, no que se conclúe o seguinte:

“A vista dos antecedentes obrantes no expediente - en particular, do informe do Museo de Pontevedra- e dos fundamentos xurídicos expostos, pódese concluír que a modificación do alcance do contrato do “servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra” constitúe unha modificación necesaria, en atención ao proxecto definitivo e á autorización emitida Dirección Xeral de Patrimonio e Cultura da Xunta de Galicia, derivada de circunstancias sobrevindas e imprevisibles no momento da licitación, ao abeiro do artigo 205.2.b) da LCSP.

A modificación límitase ás variacións estritamente imprescindibles para dar cumprimento ás esixencias técnicas e metodolóxicas impostas pola autoridade competente en materia de patrimonio cultural; non altera a natureza global do contrato nin reveste carácter substancial, nos termos devandito artigo da LCSP; e a súa dimensión económica mantense dentro dos límites legais aplicables.



Pola súa propia natureza, esta modificación comporta a ampliación do prazo de execución do contrato, co fin de posibilitar a correcta realización das actuacións adicionais derivadas das novas determinacións técnicas.

En consecuencia, non se ve inconveniente a súa aprobación, condicionada a e emisión dos informes preceptivos de Secretaría e Intervención (DA 2ª LCSP e RD 128/2018). A modificación producirá efectos dende o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (art. 206 LCSP)”.

Considerando.- A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, no asunto C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110, que sinala o seguinte: “(...)O principio de igualdade de trato entre os licitadores, que pretende favorecer o desenvolvemento dunha competencia sa e efectiva entre as empresas que participan nunha contratación pública, impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores (...)”.

Considerando.-O estudo “*Modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable*”, do profesor Gimeno Feliu, que afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS, que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para supostos legais taxados, e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico, recollido no artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ao arbitrio dunha das partes.

Considerando.- Que a Administración ten o “*ius variandi*”, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.

Considerando.- Que as modificacións acórdanse polo órgano de contratación e son obrigatorias para o contratista. Non poden ser utilizadas para alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que lesionen os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrència. Só pode modificarse o contrato cando así se previra nos pregos, ou ben, nos casos e cos límites establecidos na LCSP (sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias).

Considerando.- Que, en particular, non pode acudirse á modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que o prego de condicións administrativas que rexe o contrato non contemplou circunstancias previas que permitan realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas, reguladas nos artigos 205 e seguintes da LCSP.

Considerando.- O apartado b) do artigo 205.2 da LCSP, que, entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, establece o seguinte: Cando a necesidade de modificar un contrato



vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1.º *Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.*
- 2.º *Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*
- 3.º *Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.*

Considerando.- Que a modificación deberá tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP, formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria, deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando.- Que, por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato do *“servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra”*, subscrito coa empresa Citania Arqueoloxía, SL (NIF: B36571057), co obxecto de cumprir coas especificacións técnicas requiridas pola autoridade competente en materia de patrimonio cultural para a autorización sectorial, recollidas no proxecto definitivo.

Deste xeito, a modificación supón un incremento na área de actuación, no número e horas de dedicación do equipo técnico especializado, de conformidade co seguinte:

- Incremento da superficie de intervención arqueolóxica, de 227 m2 a 1.278 m2.
- Incremento da dedicación profesional do equipo humano adscrito á execución do contrato.
- Incremento do número de persoas adscritas á execución do contrato.
- Incremento do prazo de execución da fase 2 en 2 (DOUS) meses, resultando un prazo de execución modificado de 5 meses.
- Incremento no prezo total do contrato, que pasaría dun orzamento de 310.970,00 € (257.000,00 €, máis 53.970,00 €, correspondente ao 21% do IVE) ao importe de 432.175,70 € (357.170,00 €, máis 75.005,70 €, correspondente ao 21% do IVE). O importe da modificación proposta ascende á contía de 121.205,70 € (100.170,00 €, máis 21.035,70 € correspondentes ao 21% de IVE).



A modificación producirá efectos desde o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (artigo 206 da LCSP).

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 121.205,70 € (IVE engadido), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/333.3330.632.03	121.205,70 €
TOTAL		121.205,70 €

3.- Requirir a empresa Citania Arqueoloxía, SL (NIF: B36571057) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 12.850,00 euros a un importe de 17.858,50 euros).

11.36268.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO S.L., PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO, SEMENTADO, APLICACIÓN DE HERBICIDA, ABONADO E ROZA DAS PARCELAS DA FINCA MOURISCADE. (EXPTE. 2023069636)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2024, acordou adxudicar o contrato relativo ao “*Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade*” á empresa *Murat construcción y mantenimiento S.L.U.* (CIF B-15.923.956) polos prezos unitarios ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 18 de abril de 2024, sendo o prazo de duración dun ano a contar dende a data de formalización do contrato.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2025, acordou aprobar a primeira prórroga do contrato, durante o período desde o 18 de abril do 2025 ata o 17 de abril do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: GFVN44NYGTM2DGK6 informe do responsable do contrato solicitando prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende 18 de abril de 2026 ata o 17 de abril de 2027.

Resultando.- Que no citado informe se recolle o seguinte: “...1. *A execución do contrato vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que a empresa adxudicataria realizou a prestación de forma satisfactoria e non se produciu ningún incumprimento do contrato por parte da mesma que xustifique a improcedencia da prórroga.* 2. *A prórroga non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo....*”



Resultando.- Que, con data 04 de marzo do 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para atender as obrigas que se deriven da presente prórroga deste contrato (CSV: BGRKCQIXQ3SU26GQ).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: IDJBRM7Y1B0FRP93 preaviso notificado á empresa contratista realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para o contratista.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 0QPSO8WW1Q2Z3JSE informe conxunto emitido polo xefe de servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e a Intervención, que conclúe o seguinte: *“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade por un ano, desde o 18 de abril do 2026 ata o 17 de abril do 2027. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 18 de abril do 2026.”*

Considerando.- Que o apartado 6 do Prego de cláusulas económico administrativas particulares, recolle que este contrato pode estar suxeito a dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha delas.

Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a),

a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga do contrato relativo ao “Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade” suscrito coa empresa Murat construcción y mantenimiento S.L. (CIF B15923956), durante o período que vai desde o 18 de abril do 2026 ata o 17 de abril do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/410.4120.227.99	40.757,99 €

Prevese que todos os servizos deste contrato se van a executar no ano 2026, imputándose o coste do contrato ao presente exercicio. En todo caso, se os servizos a realizar do contrato non finalizasen en 2026, incorporaranse os saldos non executados como remanentes ao exercicio 2027.

12.36269.- ADXUDICACIÓN DE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0004 MARCÓN-PINTOS-A REIGOSA, DENDE O P.Q. 3+300 AO P.Q. 4+200 CONCELLOS DE PONTEVEDRA E PONTE CALDELAS" (EXPTÉ. 2025056883)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 0004 MARCON-PINTOS-A REIGOSA que percorre os termos municipais de Pontevedra e Ponte Caldelas pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.202 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a mellora do firme nun tramo de 900 metros, entre os P.Q. 3+300 ao 4+200, dita actuación comezarse por unha limpeza e reperfilado das cunetas existentes, seguidamente naquelas zonas con maior deterioro no firme realizarase un saneo mediante a eliminación do paquete completo de firme con posterior reposición do mesmo mediante a execución



dunha primeira capa de subbase de rachón de 25cm, seguida dunha capa de saburra artificial cun espesor de 25cm. Posteriormente executarase un rego de imprimación seguido da execución dunha capa de mestura bituminosa en quente AC-22 SURF 50/70 S de 5 cm de espesor.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas), cun orzamento base de licitación de 274.633,93 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: FMH6XXCICRC5G5XJ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Turismo, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria proposta 26/456.4530.612.01.2025 existe crédito retido por importe de 274.633,93 € para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2025 acordou aprobar o proxecto de para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)” redactado por Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 274.633,93 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: FMH6XXCICRC5G5XJ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada 31/10/2025 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas). O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/11/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)".



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 3 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	18,00	1,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 05/02/2026 en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 3 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)”.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCION ES E.C. CASAS, S.L.	199.960,74 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCION ES FECHI S.L.U.	198.235,76 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCION ES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	200.868,62 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	212.653,44 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCION ES DE AROSA, S.L.	205.703,08 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	207.245,65 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	219.548,29 €	3,00%	36 MESES	SI	NO

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas pola empresa *CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.*, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara as condicións da súa oferte, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que non consta que *CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U* presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/02/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	37,797	5,00	5,00	5,00	52,80
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	36,579	5,00	5,00	5,00	51,58
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	20,363	5,00	5,00	5,00	35,36
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	30,090	5,00	5,00	5,00	45,09
NAROM, S.L.	28,019	5,00	5,00	5,00	43,02
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	10,556	5,00	5,00	2,50	23,06
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	37,797	5,00	5,00	5,00	52,80



Resultando.- Que a Mesa na mesma reunión acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	24,00	52,80	76,80
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	19,00	51,58	70,58
3	NAROM, S.L.	22,00	43,02	65,02
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	45,09	63,09
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	35,36	59,36
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,00	23,06	36,06
7	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	24,00	52,80	76,80

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas), á empresa *CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.*, (CIF B36147429), por un importe de 241.952,49 euros IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa *CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.*, con (CIF B-36147429) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida *CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.* para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 9.998,04 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 12/03/2026 con número de operación 12026000056119.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L.* o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio, á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.L.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)", por un importe de 2.059,48 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) 1GV57965ZXP6I1VB no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa *CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.* pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa *CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.* (CIF B36533537), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)", de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado199.960,74 euros
IVE (21%)41.911,75 euros
Importe Total..... 241.952,49 euros

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025056883.

3. Nomear director de obra a enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
4. Adxudicar á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.* (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0004 Marcón-Pintos-A Reigosa, dende o P.Q. 3+300 ao P.Q. 4+200 (Concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas)", por un importe de 2.059,48 euros e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado1.702,05 euros
IVE (21%)..... 357,43 euros
Importe Total.....2.059,48 euros

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.



As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025061504.

13.36270.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9208 NO ALLA-AIOS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+960 CONCELLO DE SANXENXO"(EXPTE.2025048313)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9208 Noalla- Aios, que transcorre polo concello de Sanxenxo e ten unha lonxitude de 4.908 metros.

Resultando.- Que a E.P. 9208 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito da estrada atopamos en practicamente toda a súa lonxitude de actuación beiravías comprendidas entre los 50-100 cm. sen beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios. Esta actuación contempla a creación dunha itinerario peonil duns 960 metros de lonxitude mediante a construción na marxe dereita dunha senda peonil de formigón coloreado, a renovación, mellora e reubicación das paradas de bus



e execución de pasos de peóns elevados. Inclúe tamén, a renovación da rede de drenaxe, a renovación do alumeadado público con novas luminarias.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. José P. Gosende Tuñas enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”, cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC.

Resultando.- Que con data 10/12/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo, convenio de colaboración para a execución do proxecto de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que recolle tamén que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo mediante a achega das cantidades relacionadas a continuación:

ADMINISTRACIÓN	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	950.563,14 €	80
Concello de Sanxenxo	237.715,78 €	20
TOTAL	1.188.578,92 €	100

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”

Resultando.- Que nas aplicacións 2026/456.4530.612.02.2024 e 2026/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto por importes de 950.863,14 € e 237.715,19 € respectivamente.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2025 acordou o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”, redactado por D. José P. Gosende Tuñas enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/11/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director e a Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 3 de marzo de 2026, emitiron un informe conxunto relativo á valoración, da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	20,00	1,00	21,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	14,00	1,00	15,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	14,00	2,00	16,00

Resultando.- Que A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director e da Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 3 de marzo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	896.050,98 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	895.363,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	893.988,16 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	913.044,72 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	911.276,58 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	956.658,69 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	891.335,96 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	888.978,45 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	925.716,34 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	908.624,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/11/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	28,35	5,00	5,00	5,00	43,35
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	28,58	5,00	5,00	5,00	43,58
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	29,03	5,00	5,00	5,00	44,03
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	22,78	5,00	5,00	5,00	37,78
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	23,36	5,00	5,00	5,00	38,36
HORDESCON, S.L.	8,43	5,00	5,00	5,00	23,43
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	29,90	5,00	5,00	5,00	44,90
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	30,67	5,00	5,00	5,00	45,67

Resultando.- Que de conformidade coas puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y	22,00	45,67	67,67



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
	CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.			
2	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	43,58	63,58
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	44,03	62,03
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	38,36	61,36
5	MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	15,00	44,90	59,90
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	37,78	58,78
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	43,35	57,35
8	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,00	39,23	55,23
9	NAROM, S.L.	18,00	33,61	51,61
10	HORDESCON, S.L.	14,00	23,43	37,43

Resultando.- Que de acordo coa clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa *MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.* (CIF B36533537) por un importe de 1.075.663,92 euros IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa *MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.* (CIF B36533537), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida *MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.*, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 44.448,92 euros segundo queda acreditado en carta de pago de data 11/03/2026 con número de operación 12026000056046.



Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 1S6S4871L45MTXCA autorización da Axencia Galega de Infraestruturas para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L.* o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse en informe que consta no expediente con CSV: J8KZU8NE9QU777GP, á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.L.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)” por un importe estimado de 6.647,05 euros.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) G4145AZZDI0BXEE4, certificando que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2025, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.* (CIF B36533537), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”, de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado888.978,45 euros
IVE (21%)186.685,47 euros
Importe Total..... 1.075.663,92 euros

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de NOVE (9) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 2026/456.4530.612.02.2024 e 2026/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025048313.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.
3. Adxudicar á empresa *Atenea Seguridad y Mediambiente, S.A.* (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)", por un importe de 6.947,05 euros e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado5.741,36 euros
IVE (21%).....1.205,69 euros
Importe Total.....6.947,05 euros

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025071072.

14.36271.- AMPLIACIÓN DO PRAZO EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES CONCELLOS DE MEAÑO E RIBADUMIA". (EXPTE.-2024069327)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21 de marzo de 2025 acordou adxudicar á empresa *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, (CIF B36533537) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)" por un importe de 1.136.031,94 € IVE engadido e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 28/04/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 28/10/2025.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/10/2025 acordou unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES na execución desta obra. O mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/02/2026 acordou conceder á empresa *MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.* unha ampliación de prazo de UN (1) MES, na execución do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)" establecendo coma data para finalizar a obra o día 28/02/2026.

Resultando.- Que con data 25/02/2026 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026012449), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de UN (1) MES, debido se están a realizar obras municipais de acondicionamento das marxes que son alleas a esta obra e que condicionan a execución da capa de rodadura.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: DNJSUPXWNRHBXGKX informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: "...Á vista do anteriormente exposto, esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son



imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de UN (1) MES, ata o 28 de marzo de 2026. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin ao prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalado...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 8YVDFZHXFSW7B091 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en UN (1) MES, sendo a data de finalización deste contrato o 28/03/2026.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa *TECNICA Y PROYECTOS, S.A.* (CIF A28171288) Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na execución da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa *TECNICA Y PROYECTOS, S.A.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prórroga da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" por un importe de 1.085,24 € IVE incluído.



Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: FX27MTT0QU3849PZ, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2022070641, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300222859.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Movimientos de Áridos Y Construcciones de Arosa, S.L.* unha ampliación de prazo de UN (1) MES, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 28/03/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

15.36272.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLAS EMPRESAS, AUDECA, S.L. (B-33302696) E NAROM, S.L. (B-36163418) QUE FORMA PARTE DA UTE PONTENORTE II, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 1 DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2020007920) (DEVOGARÁN 2023010211)

Por acordo número 11.29545 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 16 de novembro de 2020 (CSV.- 4A5VGPVO5HC453Y1), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Expte. 2020007920)

Para garantir a correcta execución do “Lote 1” deste contrato, a entidade mercantil *UTE PONTENORTE II (U-02705978)* “*Integrada polas empresas AUDECA, S.L. e NAROM, S.L.*”, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
AUDECA, S.L. (B-33.302.696)	29.940,03€	202000192960	29/10/2020
NAROM, S.L. (B-36.163.418)	29.940,03€	202000192962	29/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- R9R7EY12DBX8AX77), no cal sinala que “(...) unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía dos seguintes lotes:



Lote	Empresa adxudicataria	Importe garantía	Carta de pago
1	AUDECA, S.L.U. (B-33302696)	29.940,03 €	202000192960
	NAROM, S.L. (B-36163418)	29.940,03 €	202000192962
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-36052876)	33.040,25 €	202000184583
3	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A-36008886)	37.444,38 €	202000211514

. (...)."

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- X8RC9ULZEUU1GFIQ), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE PONTENORTE II (U-02705978) "Integrada polas empresas AUDECA, S.L. e NAROM, S.L.", dunhas garantías por ese concepto e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de "Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1)" (Núm. Expte. 2020007920), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil UTE PONTENORTE II (U-02705978) "a través das empresas AUDECA, S.L. e NAROM, S.L., integrantes de dita UTE", por resultar adxudicataria do lote 1 de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída pola empresa AUDECA, S.L.U. (B-33.302.696), mediante aval emitido pola entidade CESCE, S.A., compañía de seguros y reaseguros, S.M.E. (NIF.- A-28264034) "Certificado de seguro nº 2020/26111, correspondente á póliza aberta de seguro de caución nº 1000490 da que é parte integrante", por importe de vinte e nove mil novecentos corenta euros con tres céntimos (29.940,03 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/10/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030384 (Número de Carta de Pago 202000192960).

o A constituída pola empresa NAROM, S.L. (B-36.163.418), mediante aval emitido pola entidade BANKIA, S.A. (NIF.- A-14010342) "Aval inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 2020/018.371", por importe de vinte e nove mil novecentos corenta euros con tres céntimos (29.940,03 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/10/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030385 (Número de Carta de Pago 202000192962).



16.36273.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-36052876), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 2 DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPT. 2020007920) (DEVOGARÁN 2023010213)

Por acordo número 11.29545 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 16 de novembro de 2020 (CSV.- 4A5VGPVO5HC453Y1), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de "Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Núm. Expte. 2020007920)

Para garantir a correcta execución do "Lote 2" deste contrato, a entidade mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-36.052.876)	33.040,25€	202000184583	19/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- R9R7EY12DBX8AX77), no cal sinala que "(...) unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía dos seguintes lotes:

Lote	Empresa adxudicataria	Importe garantía	Carta de pago
1	AUDECA, S.L.U. (B-33302696)	29.940,03 €	202000192960
	NAROM, S.L. (B-36163418)	29.940,03 €	202000192962
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-36052876)	33.040,25 €	202000184583
3	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. (A-36008886)	37.444,38 €	202000211514

. (...)"

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- RKLBSV686YI25WT4), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-36.052.876), dunhas garantías por ese concepto e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 2)*” (Núm. Expte. 2020007920), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Construcciones Taboada Y Ramos, S.L.* (B-36052876), por resultar adxudicataria do lote 2 de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ASEFA, S.A., seguros y reaseguros (NIF.- A-08171605) “*Certificado de seguro nº 38495/01/41/2020/2538*”, por importe de trinta e tres mil corenta euros con vinte e cinco céntimos (33.040,25 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 19/10/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030378 (*Número de Carta de Pago 202000184583*).

17.36274.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE NÚMERO 3 DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPT. 2020007920) (DEVOGARÁN 2023010214)

Por acordo número 10.29675 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 04 de decembro de 2020 (CSV.- S4HM09Q2MYB9JACA), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o lote 3 do “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra*”. (Núm. Expte. 2020007920)

Para garantir a correcta execución do “Lote 3” deste contrato, a entidade mercantil UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. - PROVISA VIAS Y OBRAS, S.L.U., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (B-36.008.886)	37.444,38€	202000211514	01/12/2020



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- R9R7EY12DBX8AX77), no cal sinala que “(...) *unha vez finalizado o prazo de garantía dos contratos non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución da garantía dos seguintes lotes:*

Lote	Empresa adxudicataria	Importe garantía	Carta de pago
1	AUDECA, S.L.U. (B-33302696)	29.940,03 €	202000192960
	NAROM, S.L. (B-36163418)	29.940,03 €	202000192962
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-36052876)	33.040,25 €	202000184583
3	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. (A-36008886)	37.444,38 €	202000211514

. (...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 712VV62UM1W60LE6), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886)*, dunhas garantías por ese concepto e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)*” (Núm. Expte. 2020007920), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Construcciones, Obras y Viales, S.A. (A-36008886)*, por resultar adxudicataria do lote 3 de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ASEFA, S.A., seguros y reaseguros (NIF.- A-08171605) “*Certificado de seguro nº 21295/03/41/2020/3107*”, por importe de trinta e tres mil catrocentos corenta e catro euros con trinta e oito céntimos (33.444,38 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 01/12/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030408 (*Número de Carta de Pago 202000211514*).



18.36275.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2026014855, 2026015500, 2026016412, 2026016414 E 2026017676)

- a) Vista a relación de operacións con número 2026014855 (CSV: DPCX6W9ED7J2SLEW) que contén 8 operacións por un importe de 45.916,78 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	45.964,12 €
IVE soportable deducible	47,66 €
Retencións.....	95,00 €
Total líquido.....	45.916,78 €

- ...
- b) Vista a relación de operacións con número 2026015500 (CSV: A60YZJIHQV6RLP7X), que contén 4 operacións por un importe de 585,90 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	585,90 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	585,90 €

- ...
- c) Vista a relación de operacións con número 2026016412 (CSV: D7F4G7VXKGGOTJIIR), que contén 6 operacións por un importe de 732,32 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	732,32 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	732,32 €



...

d) Vista a relación de operacións con número 2026016414 (CSV: D6KQ05XHRH77RQO2) que contén 2 operacións por un importe de 3.521,10 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.521,10 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.521,10 €

...

e) Vista a relación de operacións con número 2026017676 (CSV: AS10S4E3RXHOJX8N) que contén 1 operación por un importe de 663,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50 €
Total líquido	663,00 €

19.36276.- ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DAS PARCELAS E-08, E-13, E-17 E E 18 RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO (EXPTE.2026001096)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme da Secretaría Xeral, de data 4 de marzo de 2026 (CSV):MCQMYIENWLA0QNB3, que textualmente di:

“...O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 27 de xuño de 2025, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (10), resultantes do proxecto de parcelación do plan de sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no Concello de Barro.



Finalizado o prazo de presentación de proposicións o Pleno Provincial, na sesión extraordinaria celebrada o 30 de setembro de 2025, acordou constituír un dereito de superficie sobre as parcelas A-22 e A-24, e efectuar o alleamento ou constituición dun dereito de superficie, por adxudicación directa, das oito (8) parcelas sobre as que non se recibiu ningunha oferta durante o prazo dun ano a contar dende a publicación do acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 192, data 8.10.2025); dita adxudicación farase en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación das mesmas polos posibles adquirentes, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência.

O 25 de febreiro de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro web2026012236), escrito da empresa BALVALEN, S.L., con CIF B-36265924, a través do cal solicita lle sexa adxudicada directamente a propiedade das seguintes parcelas:

Parcela E-08, de 2.226,85 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 220.458,15 €. O prezo total, IVE incluído, é de 266.754,36 € (220.458,15 € + 46.296,21 € de IVE).

Parcela E-13, de 2.033,86 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 201.352,14 €. O prezo total, IVE incluído, é de 243.636,09 € (201.352,14 € + 42.283,95 € de IVE).

Parcela E-17, de 3.174,54 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 314.279,46 €. O prezo total, IVE incluído, é de 380.278,15 € (314.279,46 € + 65.998,69 € de IVE).

Parcela E-18, de 2.765,02 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 273.736,98 €. O prezo total, IVE incluído, é de 331.221,74 € (273.736,98 € + 57.484,76 € de IVE).

No seu escrito de solicitude a empresa elixe a opción B) de compra reflectida na cláusula sétima do PCAP (25% do prezo, máis o IVE total da operación, a ingresar no momento da sinatura da escritura pública de compravenda e o 75% do prezo restante fraccionado en 10 anos, con pago anual, aprazamento suxeito á condición resolutoria explícita).

Así mesmo, aporta a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial as garantías esixidas na cláusula 18ª do PCAP, equivalentes ao 6% do prezo de adxudicación, IVE excluído, segundo o seguinte detalle:

Parcela E-08, TRECE MIL DOUSCENTOS VINTE E SETE EUROS CON COARENTA E NOVE CÉNTIMOS (13.227,49 €), operación OINP-INP, co número 12026000042087.

Parcela E-13, DOCE MIL OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (12.081,13 €), operación OINP-INP, co número 12026000042062.

Parcela E-17, DEZAOITO MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (18.856,77 €), operación OINP-INP, co número 12026000042062.



Parcela E-18, DEZASEIS MIL CATROCIENTOS VINTE CATRO EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS (16.424,22 €), operación OINP-INP, co número 12026000042031.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa BALVALEN, S.L., con CIF B-36265924, e propónse o alleamento ao seu favor, por adxudicación directa, das parcelas E-08, E-13, E-17 e E-18 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), nos termos expostos”.

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 9 de marzo de 2026, que inclúe os seguintes cadros de financiación:

“... Parcela E-08:

DATA DE PAGO	PRINCIPAL PENDENTE (UHA VEZ DEDUCIDO O PAGO DO PERÍODO)	IVE (21%)	DÉBEDA CON IVE	PAGOS PRINCIPAL	XUROS PRINCIPAL (DESCONTADO O IVE) (I. LEGAL 3,25%)	IMPORTE TOTAL A INGRESAR (1)
INICIAL	220.458,15 €	46.296,21 €	266.754,36 €			
01/04/2026	165.343,61 €	1º PAGO: 25% mais o I.V.E. TOTAL (F. ESCRITURA)		55.114,54 €		101.410,75 €
01/04/2027	148.809,25 €			16.534,36 €	5.373,67 €	21.908,03 €
01/04/2028	132.274,89 €			16.534,36 €	4.849,55 €	21.383,91 €
01/04/2029	115.740,53 €			16.534,36 €	4.298,93 €	20.833,29 €
01/04/2030	99.206,17 €			16.534,36 €	3.761,57 €	20.295,93 €
01/04/2031	82.671,81 €			16.534,36 €	3.224,20 €	19.758,56 €
01/04/2032	66.137,45 €			16.534,36 €	2.694,20 €	19.228,56 €
01/04/2033	49.603,09 €			16.534,36 €	2.149,47 €	18.683,83 €
01/04/2034	33.068,73 €			16.534,36 €	1.612,10 €	18.146,46 €
01/04/2035	16.534,37 €			16.534,36 €	1.074,73 €	17.609,09 €
01/04/2036	0,00 €			16.534,37 €	538,84 €	17.073,21 €
			Suma..	220.458,15 €	29.577,26 €	296.331,62 €



Parcela E-13:

DATA DE PAGO	PRINCIPAL PENDENTE (UHA VEZ DEDUCIDO O PAGO DO PERÍODO)	IVE (21%)	DÉBEDA CON IVE	PAGOS PRINCIPAL	XUROS PRINCIPAL (DESCONTADO O IVE) (I. LEGAL 3,25%)	IMPORTE TOTAL A INGRESAR (1)
INICIAL	201.352,14 €	42.283,95 €	243.636,09 €			
01/04/2026	151.014,10 €	1º PAGO: 25% mais o I.V.E. TOTAL (F. ESCRITURA)		50.338,04 €		92.621,99 €
01/04/2027	135.912,69 €			15.101,41 €	4.907,96 €	20.009,37 €
01/04/2028	120.811,28 €			15.101,41 €	4.429,26 €	19.530,67 €
01/04/2029	105.709,87 €			15.101,41 €	3.926,37 €	19.027,78 €
01/04/2030	90.608,46 €			15.101,41 €	3.435,57 €	18.536,98 €
01/04/2031	75.507,05 €			15.101,41 €	2.944,77 €	18.046,18 €
01/04/2032	60.405,64 €			15.101,41 €	2.460,70 €	17.562,11 €
01/04/2033	45.304,23 €			15.101,41 €	1.963,18 €	17.064,59 €
01/04/2034	30.202,82 €			15.101,41 €	1.472,39 €	16.573,80 €
01/04/2035	15.101,41 €			15.101,41 €	981,59 €	16.083,00 €
01/04/2036	0,00 €			15.101,41 €	492,14 €	15.593,55 €
			Suma..	201.352,14 €	27.013,94 €	270.650,03 €

Parcela E-17:

DATA DE PAGO	PRINCIPAL PENDENTE (UHA VEZ DEDUCIDO O PAGO DO PERÍODO)	IVE (21%)	DÉBEDA CON IVE	PAGOS PRINCIPAL	XUROS PRINCIPAL (DESCONTADO O IVE) (I. LEGAL 3,25%)	IMPORTE TOTAL A INGRESAR (1)
INICIAL	314.279,46 €	65.998,69 €	380.278,15 €			
01/04/2026	235.709,59 €	1º PAGO: 25% mais o I.V.E. TOTAL (F. ESCRITURA)		78.569,87 €		144.568,56 €
01/04/2027	212.138,63 €			23.570,96 €	7.660,56 €	31.231,52 €
01/04/2028	188.567,67 €			23.570,96 €	6.913,39 €	30.484,35 €



01/04/2029	164.996,71 €			23.570,96 €	6.128,45 €	29.699,41 €
01/04/2030	141.425,75 €			23.570,96 €	5.362,39 €	28.933,35 €
01/04/2031	117.854,79 €			23.570,96 €	4.596,34 €	28.167,30 €
01/04/2032	94.283,83 €			23.570,96 €	3.840,77 €	27.411,73 €
01/04/2033	70.712,87 €			23.570,96 €	3.064,22 €	26.635,18 €
01/04/2034	47.141,91 €			23.570,96 €	2.298,17 €	25.869,13 €
01/04/2035	23.570,95 €			23.570,96 €	1.532,11 €	25.103,07 €
01/04/2036	0,00 €			23.570,95 €	768,15 €	24.339,10 €
			<i>Suma..</i>	314.279,46 €	42.164,57 €	422.442,72 €

Parcela E-18:

DATA DE PAGO	PRINCIPAL PENDENTE (UHA VEZ DEDUCIDO O PAGO DO PERÍODO)	IVE (21%)	DÉBEDA CON IVE	PAGOS PRINCIPAL	XUROS PRINCIPAL (DESCONTADO O IVE) (L. LEGAL 3,25%)	IMPORTE TOTAL A INGRESAR (1)
INCIAL	273.736,98 €	57.484,77 €	331.221,75 €			
01/04/2026	205.302,73 €	1º PAGO: 25% mais o I.V.E. TOTAL (F.ESCRITURA)		68.434,25 €		125.919,02 €
01/04/2027	184.772,46 €			20.530,27 €	6.672,34 €	27.202,61 €
01/04/2028	164.242,19 €			20.530,27 €	6.021,56 €	26.551,83 €
01/04/2029	143.711,92 €			20.530,27 €	5.337,87 €	25.868,14 €
01/04/2030	123.181,65 €			20.530,27 €	4.670,64 €	25.200,91 €
01/04/2031	102.651,38 €			20.530,27 €	4.003,40 €	24.533,67 €
01/04/2032	82.121,11 €			20.530,27 €	3.345,31 €	23.875,58 €
01/04/2033	61.590,84 €			20.530,27 €	2.668,94 €	23.199,21 €
01/04/2034	41.060,57 €			20.530,27 €	2.001,70 €	22.531,97 €
01/04/2035	20.530,30 €			20.530,27 €	1.334,47 €	21.864,74 €
01/04/2036	0,00 €			20.530,30 €	669,06 €	21.199,36 €
			<i>Suma..</i>	273.736,98 €	36.725,29 €	367.947,04 €

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



Primeiro. O alleamento, por adxudicación directa, a favor da empresa *BALVALEN, S.L.*, con CIF B-36265924, das parcelas E-08, E-13, E-17 e E-18 do Polígono Industrial Outeda-Curro, na modalidade de compra con aprazamento a dez anos, conforme ao disposto na opción B) da cláusula sétima do PCAP.

Segundo. No momento da sinatura da escritura pública de compra-venta, a empresa ingresará o 25% do prezo de cada parcela, máis a totalidade do IVE, conforme ao seguinte detalle:

Parcela E-08: 101.410,75 €

Parcela E-13: 92.621,99 €

Parcela E-17: 144.568,56 €

Parcela E-18: 125.919,02 €

Terceiro. A Deputación de Pontevedra emitirá as correspondentes facturas que serán entregadas ao comprador no momento da sinatura das correspondentes escrituras. O ingreso contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “923-609.00 *venta de parcelas polígono*”.

Cuarto. O importe restante abonarase en dez pagos fraccionados anuais conforme aos cadros de financiación que se inclúen no presente acordo.

20.36277.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPT.2026010825)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumbran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE AGOLADA					
Data de presentación:			25/02/2026 (registro WEB2026012349)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	2 pavimentadores/as, 1 poceiro/a para redes de saneamento e 2 mantedores/as de edificios a xornada completa durante 9 meses; 1 pegador/a de carteis (reservada a persoas con discapacidade recoñecida superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses e 1 socorrista a xornada completa durante 2 meses	98.253,19 €	95.941,05 €	2.312,14 €	95.941,05 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE AGOLADA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	126.283,85 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida,



e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.

- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:



En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: TUWYZMLPA5VKS5JV) e do informe de Intervención (CSV: W0Q44492UVEO6PGX), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Agolada (CIF P3602000F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	7	2 pavimentadores/as, 1 poceiro/a para redes de saneamento e 2 mantedores/as de edificios a xornada completa durante 9 meses; 1 pegador/a de carteis (reservada a persoas con discapacidade recoñecida superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses e 1 socorrista a xornada completa durante 2 meses	95.941,05 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



- Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

21.36278.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPT. 2026018194)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumbran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE MEAÑO					
Data de presentación:			09/03/2026 (registro WEB2026017651)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	1 operario/a condutor/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 2 albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 4 peóns de obras públicas, 1 limpador/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil e 1 coidador/a de comedor escolar en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a da terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses e 1 operario/a de piscina en xornada de 35 h./sem durante 2 meses	132.924,46 €	129.800,46 €	18.576,46 €	114.348,00 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MEAÑO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	114.348,00 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida



exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: Z2EOIIBWALWHT60D) e do informe de Intervención (CSV: ZFS1FSLEZQBVUGB4), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Meaño* (CIF P3602700A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meaño (P3602700A)	13	1 operario/a condutor/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 2 albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 4 peóns de obras públicas, 1 limpador/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil e 1 coidador/a de comedor escolar en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a da terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses e 1 operario/a de piscina en xornada de 35 h./sem durante 2 meses	114.348,00 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.



- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

22.36279.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL”.
(EXPTE.2026005814)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 04/02/2026, con rexistro núm. WEB2026007301, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do *Concello de Nigrán* na que solicita unha subvención por importe de 96.186,10 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026005814), cun orzamento por importe de 127.011,88 euros.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:



	Orzamento	Subvención solicitada
Solpor Monteferro	23.000,00 €	17.417,90 €
Nigrán Jazz	30.000,00 €	22.719,00 €
Parrulas fest	17.000,00 €	12.874,10 €
Primavera de Jazz	6.000,00 €	4.543,80 €
Atlántica	15.000,00 €	11.359,50 €
Vermú de barrio	6.000,00 €	4.543,80 €
Nigrán Blues	18.000,00 €	13.631,40 €
Nigrán área	12.011,88 €	9.096,60 €
TOTAL	127.011,88 €	96.186,10 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 23/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF:P3603500D, a cantidade de 96.186,10 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026005814), cun orzamento por importe de 127.011,88 euros para levar a cabo as seguintes actividades:

	Orzamento	Subvención
Solpor Monteferro	23.000,00 €	17.417,90 €
Nigrán Jazz	30.000,00 €	22.719,00 €
Parrulas fest	17.000,00 €	12.874,10 €
Primavera de Jazz	6.000,00 €	4.543,80 €
Atlántica	15.000,00 €	11.359,50 €
Vermú de barrio	6.000,00 €	4.543,80 €
Nigrán Blues	18.000,00 €	13.631,40 €
Nigrán área	12.011,88 €	9.096,60 €
TOTAL	127.011,88 €	96.186,10 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

23.36280.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PISTAS DE ATLETISMO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL EXTERIOR DA REIBOA. CONCELLO DE POIO". (EXPTE. 2025071461)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Poio o importe que lle corresponde é de 184.568,06 euros.
- En data 29/10/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025074891) dunha petición do Concello de Poio, emendada en data



18/12/2025 (núm. rexistro WEB2025086242), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 183.984,96 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*PISTAS DE ATLETISMO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL EXTERIOR DA REIBOA. CONCELLO DE POIO*”, cun orzamento do mesmo importe.

Entre a documentación presentada achegan acordo no que o Concello comprométese a achegar o acordo de aprobación do proxecto e a acta de replanteo previo unha vez recibidas as autorizacións sectoriais, e se poida acreditar a dispoñibilidade dos terreos.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 24/02/2026 CSV: FMVMXXYXOUIW9KZY) estimándose necesaria a aprobación do novo proxecto por parte do órgano municipal competente, comprometéndose o concello a presentala ó recibir os permisos sectoriais.
- Así mesmo, o 27/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: ROW3K1AIDO4D6J41) e a Intervención provincial emite informe favorable o 16/03/2026 (CSV: I1E3G3BL1P3ZSPRP), tendo en conta que a concesión da presente subvención debe condicionarse á obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como á aportación do acordo de aprobación do proxecto, sendo imprescindible que as achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL



- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Poio* relativa ao financiamento do investimento denominado “*PISTAS DE ATLETISMO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL EXTERIOR DA REIBOA. CONCELLO DE POIO*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 183.984,96 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF P3604100B a cantidade de 183.984,96 € con destino ao financiamento do investimento “*PISTAS DE ATLETISMO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL EXTERIOR DA REIBOA. CONCELLO DE POIO*” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe. A concesión da presente subvención quedará condicionada á obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como á aportación do acordo de aprobación do proxecto, sendo imprescindible que as achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.25 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



24.36281.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZO DE ROZA, LIMPEZA DE CUNETAS E MARXES DE TODAS AS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” (EXPT.E.2026002393)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 16/01/2026, con rexistro núm. WEB2026002828, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Ponteareas na que solicita unha subvención por importe de 119.380,30 euros con destino ao financiamento de “*Servizo de roza, limpeza de cunetas e marxes de todas as vías de titularidade municipal*” (Expte.: 2026002393), cun orzamento por importe de 150.656,30 euros.
- O concello solicita o traspaso á liña 2 a cantidade de 9.332,54 euros procedente da liña 3-activación do emprego. O importe traspasado é a diferenza entre o importe da solicitude de subvención e a cantidade asignada no reparto á liña 2 (110.047,76 euros).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 24/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF:P3604200J, a cantidade de 119.380,30 euros con destino ao financiamento de “*Servizo de roza, limpeza de cunetas e marxes de todas as vías de titularidade municipal*” (Expte.: 2026002393), cun orzamento por importe de 150.656,30 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas



no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

25.36282.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMILA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026014922)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE RIBADUMIA					
Data de presentación:		05/03/2026(rexistro WEB2026016339)			
Data de emenda:		11/03/2026(rexistro WEB2026018718)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
6	1 albanel, 3 peóns de obras públicas, 1 monitor/a de ocio e 1 técnico de urbanismo a xornada completa durante 9 meses	111.806,55 €	111.806,55 €	12.870,03 €	98.936,52 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE RIBADUMIA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	107.016,05 €
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña tras compensación de débedas (Resolución Presidencial 2026001969 do 09/03/2026)	98.936,52 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:



En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: KE89G3ZBZ74ZAMR4) e do informe de Intervención (CSV: NU344UGAMWG2GDIB), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Ribadumia* (CIF P3604600A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ribadumia (P3604600A)	6	1 albanel, 3 peóns de obras públicas, 1 monitor/a de ocio e 1 técnico de urbanismo a xornada completa durante 9 meses	98.936,52 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



26.36283.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPT. 2026010298)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE SANXENXO					
Data de presentación:		25/02/2026 (registro WEB2026012180)			
Data de emenda:		05/03/2026 (registro WEB2026016305)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	318.905,94 €	311.031,16 €	65.030,19 €	253.875,75 €



- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE SANXENXO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	253.875,75 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións



de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 3T562Q90WB23V7ND) e do informe de Intervención (CSV: E5J8SGE4N6MKPD2Q), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Sanxenxo* (CIF P3605100A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	253.875,75 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

27.36284.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 20/02/2026 (NÚM. 9.36098) NO REFERENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CONCELLO DE SOUTOMAIOR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026003577)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm. 4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.



- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 20 de febreiro de 2026, punto núm. 9.36098, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Soutomaior, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SOUTOMAIOR					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	1 auxiliar de biblioteca en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 3 varredores/as, 3 albaneis (oficiais) e 10 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 4 meses	159.429,41 €	155.665,64 €	35.781,74 €	123.647,67 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026012351, do 25/02/2026, solicita reformular a solicitude inicial por actualización de costes salariais tras aprobación do novo SMI.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que



sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓNS:

- 5) En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de actualización de costes salariais tras aprobación do novo SMI, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento e da achega municipal, permanecendo invariable o importe da subvención concedida, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SOUTOMAIOR					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	1 auxiliar de biblioteca en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 3 varredores/as, 3 albaneis (oficiais) e 10 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 4 meses	164.505,37 €	160.623,88 €	40.857,70 €	123.647,67 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: P8ZR8BFPEUN8HUPR) e da dilixencia de Intervención (CSV: 4GUI752DRHIWUA6B), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 20 de febreiro de 2026, punto núm. 9.36098, no referente á subvención concedida ó Concello de Soutomaior, CIF núm. P3605300G, que queda como segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Soutomaior (P3605300G)	18	1 auxiliar de biblioteca en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 3 varredores/as, 3 albanceis (oficiais) e 10 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 4 meses	123.647,67 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

28.36285.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA DRENAXE E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0403 CARBALLEDO-REBORDELO. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE". (EXPTE. 2025079583)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 0403 CARBALLEDO-REBORDELO que percorre o termo municipal de Cerdedo-Cotobade pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude total de 2.636 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que actualmente o treito da estrada comprendido entre os P.Q. 0+000 ao 2+636 ten carencias debido o deterioro tanto dos firmes como do sistema de drenaxe existente, as cunetas actuais teñen desbordamentos puntuais, tamén existen zonas onde o firme se encontra en mal estado o que supón un risco para a seguridade viaria.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 758.835,34 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3T92ULREFZYX76GU.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025079583, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12026000010810, por importe de 758.835,84 €.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 758.835,34 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3T92ULREFZYX76GU.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: BFOPS7SH4LBVIPH6, informe do xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: DE4KTOXIOO5K29EN, informe de fiscalización do proxecto no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, coas observacións sinaladas, infórmase favorablemente o expediente.*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade*” cun orzamento base de licitación de 758.835,84 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	627.137,06 €
IVE (21%).....	131.698,78 €
Importe Total.....	758.835,84 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 6EI6DCZ7PD0SSRGC, e de prescricións técnicas con código (CSV) 3T92ULREFZYX76GU, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 758.835,84 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

29.36286.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPT. 2026019368)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE MONDARIZ					
Data de presentación:			13/02/2026 (registro WEB2026019670)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	2 auxiliares de axuda ao fogar e 5 operarios/as de servizos múltiples a xornada completa durante 8,5 meses	117.138,71 €	117.138,71 €	0,00 €	117.138,71 €



- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MONDARIZ	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	118.984,48€

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede



do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 88ZJZLBZMGCAYORD) e do informe de Intervención (CSV: NY94JCZ3IQ7F6SCQ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Mondariz* (CIF P3603000E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Mondariz (P3603000E)	7	2 auxiliares de axuda ao fogar e 5 operarios/as de servizos múltiples a xornada completa durante 8,5 meses	117.138,71 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

30.36287.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, TRAMITADO PARA A ADQUISICIÓN, POR COMPRAVENDA, DE BENS ARTÍSTICOS NO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA. (EXPTE.- 2025051418)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de febreiro de 2026, aprobou o expediente para a “Adquisición por compravenda, mediante procedemento negociado sen publicidade, de bens artísticos no Recinto Conventual de Santa Clara”, dando traslado do acordo, xunto co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, á Orde de Santa Clara, Comunidade de Relixiosas de Santiago de Compostela (CIF: R1500018E), na súa calidade de provedora única. O expediente aprobouse cun orzamento base de licitación de 396.250,00 euros (Exento IVE).



No mesmo acordo, o órgano de contratación invitou á referida entidade a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contando desde a data do envío da invitación, que se produciu o día 27 de febreiro de 2026.

Resultando que con data 10 de marzo de 2026, se procedeu á apertura da proposición, sendo o prezo total ofertado de 396.250, 00 euros (exento de IVE). Unha vez examinadas e admitida a oferta presentada, procedeuse á súa valoración conforme aos criterios de adxudicación autonómicas previstos nos pregos, alcanzando unha puntuación de cero puntos.

Resultando que, con data 11 de marzo de 2026, o persoal técnico do servizo de Contratación comprobou, a través do sistema de intermediación de datos, que a Orde de Santa Clara con CIF R1500018E, se atopa ao corrente de pagos coa AEAT e coa SS.

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos licitadores, debendo publicarse no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de suministros cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar o contrato de “*Adquisición por compravenda, mediante procedemento de negociado sen publicidade, de bens artísticos no Recinto Conventual de Santa Clara*” a Orde de Santa Clara, Comunidade de Relixiosas de Santiago de Compostela (NIF: R1500018E) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo:

Prezo sen IVE:	396.250,00 €
IVE (21%):	0, 00 €*
Prezo total:	396.250,00 €

*Non suxeito a IVE ó tratarse de transmisión de inmobles destinados a actividades culturais.

Entrega dos bens: Tendo en conta o previsto na escritura de compravenda, que establece que a data de adquisición da titularidade será o 1 de abril de 2026, e que os bens xa se atopan depositados en Santa Clara a disposición da Deputación, considerarase dita data no documento de formalización do contrato.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	333.3330.622.01.2025 (Proxecto de gasto 2022068178)	396.250,00 euros

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

aboamento do prezo efectuarase previo certificado de conformidade da unidade responsable do contrato, na conta designada ao efecto pola/o licitador.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025051418	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Cruz Farto Justo, xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.



31.36288.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE LALÍN PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TÉRMINO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 10 “PLAN DE MARKETING DIXITAL E PROMOCIÓN DO DESTINO, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA – TABEIRÓS TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (EXPTE.2026007866)

I. ANTECEDENTES

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolvido conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As inversións do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de



Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan o tres niveles de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre o tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Y demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o



seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. CONSIDERACIONES XURÍDICAS E TÉCNICAS

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 15 de setembro de 2021 o proxecto “*DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO*”.

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Impulsar a transformación do sector turístico das comarcas e orientalo a un modelo de ecoturismo do Camiño e a unha experiencia memorable para os viaxeiros. Así, no marco do Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, a transformación do modelo turístico en Deza e Tabeirós-Terra de Montes basearase en potenciar os recursos naturais e culturais do territorio coa finalidade de estruturar unha oferta atractiva e singular ao redor dos valores naturais e patrimoniais nos camiños xacobeos da comarca, que garanta unha máis alta permanencia do viaxeiro e unha mellora na calidade da experiencia. O plan prevé transformar o destino, cun maior aproveitamento dos recursos do territorio, a mellora das infraestruturas e a activación de novas iniciativas que garantan a posta en valor dos camiños xacobeos para os peregrinos, pero que tamén se convertan no fío condutor de produtos e actividades orientadas para calquera viaxeiro interesado co ecoturismo e nunha experiencia de achegamento á identidade do territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: Ata 30 de maio

Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na comarca de Deza e os da Estrada e Forcarei na comarca Tabeirós-Terra de Montes.

Actuacións:



Actuacións
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino
ACT003. Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados ós Camiños de Santiago
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas
ACT009. Comunicación dixital camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino
ACT011. Plan de formación sectorial
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ó recoñecemento oficial
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local
ACT014. Apoio ó ente xestor: coordinación avaliación e seguimento

Financiación: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 2.069.000,00 euros (sen IVE, non sendo este financiable).

Subvención proposta: 2.069.000,00 euros (sen IVE).

O 8 de decembro de 2021 publícase no BOP o Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No artigo 4 de Entidades beneficiarias sinala, entre outras, á Deputación de Pontevedra, e no articulo 7 referido ás contías e financiamento detalla a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 2.069.000,00 €.

O desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da aportación é o seguinte:



Actuación	Orzamento financiable	IVE (aportación da Deputación)
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro	229.000,00 €	48.090,00 €
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino	195.000,00 €	40.950,00 €
ACT003. Posta en valor do recurso eco sistémico da Rapa das Bestas	105.000,00 €	22.050,00 €
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata	223.000,00 €	46.830,00
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos	40.000,00 €	8.400,00 €
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes	180.000,00 €	37.800,00 €
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados aos Camiños de Santiago	210.000,00 €	44.100,00 €
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas	275.000,00 €	57.750,00 €
ACT009. Comunicación dixital Camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro	115.000,00 €	24.150,00 €
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino	190.000,00 €	39.900,00 €
ACT011. Plan de formación sectorial	60.000,00 €	12.600,00 €
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ao recoñecemento oficial	163.000,00 €	34.230,00 €
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local	24.000,00 €	5.040,00 €
ACT014. Apoio ao ente xestor: coordinación avaliación e seguimento	60.000,00 €	12.600,00 €
Total de gastos	2.069.000,00 €	434.490,00 €



Distribución da aportación	Orzamento
Aportación Ministerio	2.069.000,00 €
Aportación Deputación de Pontevedra (IVE)	434.490,00 €
TOTAL	2.503.490,00 €

Que o *concello de Lalín* mostrou o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo levado a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto a implementar dentro do seu termo municipal.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas de Modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencias en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, os municipios, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eixos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.

Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto de convenio é articular ditas bases para a execución de actuacións seleccionadas polo Concello no seu termo municipal dentro do marco do citado proxecto.

Especificase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos da actuación 10 “Plan de mercadotecnia do destino”, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.

O 6 de marzo de 2026 emítase informe sobre a necesidade de aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Lalín* para levar a cabo parte da actuación “*PLAN DE MERCADORECNICA DO DESTINO* no marco do Plan de Sustentabilidade Turística Os Camiños por Dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU (Código seguro de verificación:WANSS9JXSTI2N177)

O 6 de marzo de 2026 emítase informe xurídico sobre o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín (CSV):TUVB5QUJYKDFTHIC



O 18 de marzo de 2026 Intervención emite informe con observacións (CSV):640AIOXM02BU2VLU e certifica a existencia de crédito por importe de 72.587,90 € nas aplicacións orzamentarias do proxecto de gasto 92210004, nas que se xerou crédito pola achega do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación propónse aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Lalin, para levar a cabo a actuación “Plan de mercadotecnia do destino”, no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU cuxo texto é como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALIN PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TÉRMINO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 10 “PLAN DE MARKETING DIXITAL E PROMOCIÓN DO DESTINO, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURISTICA EN DESTINO DEZA – TABELRÓS TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

En Pontevedra, na data da firma electrónica

INTERVENEN

Dunha parte, D. Luís López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. Jose Crespo Igrexas, quen actúa en nome e na representación do Concello de Lalín, en virtude da súa condición de Alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense recíprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo.

EXPOÑEN

I. Que ambas institucións comparten o principio de que os municipios, como administracións democraticamente elixidas, deben ser os axentes protagonistas e partícipes fundamentais nos ámbitos nos que se definen, deseñan e impulsan as políticas públicas de carácter local. Así mesmo, ambas partes coinciden en que as deputacións provinciais deben actuar como institucións de cooperación local, desenvolvendo políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan acceder en condicións de igualdade aos mesmos dereitos e servizos.



II. *Que a Unión Europea, mediante o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, estableceu o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) como instrumento principal do programa NextGenerationEU, destinado a financiar investimentos e reformas orientadas a unha recuperación sustentable, dixital e resiliente.*

III. *Que o Goberno de España aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) por Acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, cuxa publicidade se deu mediante Resolución de 29 de abril de 2021. O Compoñente 14 do PRTR inclúe o investimento C14.I1, relativa ao Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), unha actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais.*

IV. *Que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión de 28 de xullo de 2021, aprobou a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, que regula os criterios de selección, as obrigacións de xestión e as esixencias de seguimento, control e xustificación aplicables aos PSTD financiados con cargo ao PRTR.*

V. *Que a Deputación Provincial de Pontevedra presentou á convocatoria extraordinaria de PSTD 2021 o proxecto “Deza - Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro”, que foi aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo conforme á Resolución de 14 de setembro de 2022.*

VI. *Que o PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes contempla, entre outras, a Actuación 10. Plan de marketing dixital e promoción do destino, que inclúe intervencións orientadas á dixitalización, promoción e posicionamento turístico do territorio.*

VII. *Que a Actuación 10: Plan de marketing dixital e promoción do destino, integrada no PSTD, contempla diversas intervencións orientadas á dixitalización, promoción e posicionamento turístico do territorio e o concello de Lalín trasladou á Deputación a necesidade de prover de recursos (subministracións e servizos) para a dixitalización de infraestruturas turísticas e museísticas do municipio, sendo o Concello a administración competente para a súa contratación e execución.*

VIII. *Que o prazo de execución do PSTD foi ampliado até o 30 de maio de 2026 mediante a modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, que adapta igualmente o convenio á nova redacción dos fítos e obxectivos do PRTR e actualiza a programación e distribución financeira.*

IX. *Que, conforme á resolución de concesión e á normativa aplicable, corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra a coordinación da execución do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes. os Camiños por Dentro, garantindo o cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR, incluído o principio de DNSH, a etiquetaxe climática e dixital, a trazabilidade dos fondos e as medidas antifraude previstas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021.*

X. *Que, por todo iso, ambas Administracións consideran necesario subscribir o presente convenio, ao amparo dos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, co fin de articular a colaboración para a execución parcial da Actuación 10 do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.*

XI. *Competencia e fundamento xurídico da actuación*

A Deputación Provincial de Pontevedra actúa no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 36.1.b) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, relativas á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como na asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Así mesmo, actúa na súa condición de entidade beneficiaria do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro”, conforme á Resolución de 14 de setembro de 2022 ditada ao amparo do Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, correspondéndolle a coordinación, seguimento e control da execución do PSTD.

O Concello de Lalín actúa no exercicio das competencias propias que lle atribúe o artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en materia de promoción e xestión de actividades culturais e turísticas de interese local, así como en materia de equipamentos culturais, xestión de infraestruturas municipais e desenvolvemento local, todo iso no ámbito do seu termo municipal.



A actuación obxecto do presente convenio se incardina nas devanditas competencias propias e no marco de cooperación interadministrativa previsto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

XII. Interese público, carácter singular e xustificación da non concorrencia competitiva

A actuación obxecto do presente convenio responde a un interese público de carácter estratéxico, en tanto se integra no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro”, aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 14, Investimento 1).

A dixitalización de infraestruturas turísticas e museísticas municipais constitúe unha actuación necesaria para mellorar a competitividade do destino, impulsar a súa transformación dixital, reforzar a calidade dos servizos públicos locais e contribuír ao cumprimento dos fitos e obxectivos comprometidos polo Reino de España ante a Unión Europea.

O carácter singular da actuación deriva de que se trata dunha intervención concreta, expresamente prevista na memoria aprobada do PSTD e vinculada a infraestruturas municipais determinadas situadas no termo municipal de Lalín, cuxa execución corresponde exclusivamente á devandita entidade local en exercicio das súas competencias propias.

O financiamento articulado mediante o presente convenio se incardina no previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, ao tratarse dunha actuación cuxo outorgamento vén imposto por unha norma con rango de lei ou pola aprobación dun instrumento de planificación previamente determinado, que identifica de maneira específica a entidade executora e a actuación a desenvolver.

A natureza pechada do proxecto, a súa integración nun plan estratéxico previamente aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo e o seu financiamento íntegro con cargo ao PRTR exclúen a posibilidade de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ao non tratarse dunha liña de axudas aberta senón da execución descentralizada dunha actuación predeterminada dentro dun plan xa aprobado.

En consecuencia, a formalización do presente convenio constitúe o instrumento xurídico adecuado para articular a cooperación interadministrativa necesaria para a súa execución. En virtude de canto antecede, e ao amparo das competencias e fundamentos xurídicos expostos, as partes acordan a subscrición do presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución parcial da Actuación 10 “Plan de marketing dixital e promoción do destino”, integrada no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Deza-Tabeirós Terra de Montes. Vos Camiños por Dentro, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

A actuación a executar polo Concello consiste na provisión de recursos (subministracións e servizos) destinados á Dixitalización de infraestruturas turísticas e museísticas do concello de Lalín, co fin de reforzar a xestión turística, consolidar a imaxe do destino, ampliar a demanda e incrementar a competitividade do territorio.

A actuación desenvolverase conforme á programación aprobada na resolución de concesión do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro e na súa modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, que amplía o prazo de execución e adapta o proxecto á nova redacción dos fitos e obxectivos do PRTR. A súa execución someterase ao establecido no Regulamento (UE) 2021/241, na normativa nacional aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, especialmente, na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro.

SEGUNDA. ACTUACIONES A DESENVOLVER

1. Actuación obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a execución parcial da Actuación 10 “Plan de marketing dixital e promoción do destino”, consistente na provisión de recursos (subministracións e servizos) destinados á dixitalización de infraestruturas



turísticas e museísticas do Concello de Lalín, co fin de reforzar a xestión turística do destino, consolidar a súa imaxe, ampliar a demanda e incrementar a competitividade do territorio.

As actuacións a executar polo Concello son as seguintes: Adquisición dunha pantalla de grandes dimensións transportable, Dixitalización da Oficina de Recepción de visitantes/peregrinos: incluíndo diverso material de audio e vídeo (altofalantes, mesturadores, micrófonos, pantallas e material auxiliar) e Dixitalización do museo Pazo de Liñares: incluíndo material de audio e vídeo (altofalantes, mesturadores, micrófonos, pantallas e material auxiliar).

2. Actuacións a executar pola Deputación Provincial de Pontevedra

Na súa condición de entidade beneficiaria do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os Camiños por Dentro” ante a Secretaría de Estado de Turismo, a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a coordinación xeral do PSTD e a interlocución institucional cos órganos estatais competentes.

En particular, corresponderá á Deputación:

- A apertura e configuración do subproxecto correspondente na aplicación COFFE ou plataforma que a substitúa.*
- A habilitación do Concello de Lalín como entidade executora para a carga directa da información relativa aos seus expedientes de contratación.*
- A supervisión global do grao de execución do subproxecto en relación cos fitos, obxectivos e prazos do PSTD.*
- A revisión final da documentación xustificativa antes da súa integración na xustificación global do PSTD e remisión á Secretaría de Estado de Turismo.*
- A presentación da xustificación global do PSTD nos termos esixidos pola normativa PRTR.*

A carga material dos datos relativos aos contratos e actuacións executadas polo Concello na aplicación COFFE será responsabilidade directa do Concello de Lalín.

3. Actuacións a executar polo Concello de Lalín

Corresponde ao Concello de Lalín a contratación, execución e correcta finalización das actuacións previstas no presente convenio, asumindo as obrigacións que lle correspondan na súa condición de entidade executora dentro do PSTD Deza-Tabeirós Terra de Montes, comprendendo, entre outras, as seguintes tarefas:

- a) Contratación e execución da subministración e/ou servizo necesario para a adquisición e instalación do equipamento tecnolóxico previsto (pantalla de grandes dimensións transportable, sistemas de audio e vídeo e material auxiliar), conforme ao alcance definido no presente convenio.*
- b) Xestión integral do procedemento de contratación, incluíndo: aprobación do expediente e dos pregos; licitación, adxudicación e formalización do contrato; tramitación das incidencias contractuais que puidesen producirse.*
- c) Supervisión técnica da correcta instalación e posta en funcionamento do equipamento adquirido, así como de calquera asistencia técnica necesaria para garantir a súa operatividade.*
- d) Execución das actuacións complementarias necesarias para a correcta integración do equipamento na Oficina de Recepción de Visitantes/Peregrinos e no Museo Pazo de Liñares que formen parte do orzamento aprobado no PSTD.*
- e) A execución da actuación conforme aos requisitos, procedementos e obrigacións derivados do PRTR, incluíndo DNSH, trazabilidade, integridade da información, publicidade, contratación pública e xustificación, sen prexuízo do seu desenvolvemento en cláusulas posteriores.*

4. Titularidade dos resultados



Os bens, equipamentos e recursos adquiridos en execución do presente convenio quedarán integrados no patrimonio do Concello de Lalín, quen asumirá o seu mantemento, conservación e destino conforme á finalidade prevista durante o período esixido pola normativa PRTR.

A Deputación Provincial de Pontevedra non ostentará dereitos de propiedade sobre os bens adquiridos, sen prexuízo das súas facultades de control, supervisión e verificación no marco do PSTD e do PRTR.

5. Documentos de referencia

As actuacións a executar deben axustarse a:

- *A descrición, alcance e orzamento da actuación 10 do PSTD Deza - Tabeirós Terra de Montes.*
- *A programación aprobada do PSTD “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”, na que se integra a actuación de dixitalización de infraestruturas turísticas e museísticas do Concello de Lalín.*

Calquera modificación substancial do contrato deberá ser obxecto de aprobación previa pola Deputación Provincial de Pontevedra e, no seu caso, de autorización por parte da Secretaria de Estado de Turismo cando afecte á elixibilidade, ao orzamento ou aos fitos e obxectivos do PRTR.

TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES

1. Obrigacións da Deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar a actuación até un máximo de 72.587,90 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 433.4324.762.26 (Proxecto 92210004 PSTD Deza Tabeiros Terra de Montes “Os camiños por dentro”).

Así mesmo, corresponde á Deputación realizar as funcións de seguimento, supervisión e control do desenvolvemento do subproxecto, velando pola súa correcta execución técnica e económica, polo cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos no marco do PRTR, e polo respecto ás obrigacións asociadas ao financiamento con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A Deputación coordinará co Concello as accións de comunicación, difusión e visibilidade vinculadas ao subproxecto, asegurando o cumprimento das obrigacións de transparencia previstas na normativa PRTR.

Igualmente, a Deputación velará pola prevención do dobre financiamento do subproxecto e comunicará á Secretaria de Estado de Turismo calquera outra axuda que puidese recibir o Concello para o mesmo fin e garantindo a existencia dunha contabilidade separada ou equivalente das actuacións imputables ao PSTD e presentará a xustificación correspondente ao servizo ou subministración contratada ante a Secretaria de Estado de Turismo nos prazos establecidos e conforme aos requisitos esixidos pola normativa do PRTR.

Na súa condición de responsable da coordinación do PSTD, a Deputación revisará a xustificación presentada polo Concello e poderá requirir canta información, documentación ou aclaración resulte necesaria para garantir o adecuado cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR e a correcta aplicación dos fondos.

2. Obrigacións concello de Lalín



O Concello de Lalín comprométese a executar en tempo (antes do 30 de maio) e forma a actuación vinculada ao subproxecto “Dixitalización de infraestruturas turísticas e museísticas do concello de Lalín”, conforme á resolución de concesión do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”, á súa modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, e á ficha oficial da Actuación 10 “Plan de marketing dixital e promoción do destino” do presente convenio.

Corresponde ao Concello a tramitación completa do expediente de contratación, incluíndo: a elaboración e aprobación dos pregos e documentación técnica necesaria, a licitación, adxudicación e formalización do contrato, e calquera modificación contractual que resulte necesaria, sempre dentro dos límites establecidos pola normativa do PRTR e previa autorización da Deputación cando cumpra.

O Concello asumirá igualmente a dirección técnica e o seguimento da correcta execución da subministración ou servizo contratado, así como a achega dos medios humanos, técnicos e materiais necesarios para garantir a adecuada realización do subproxecto.

Así mesmo, o Concello será responsable de emitir e asinar os informes de conformidade e recepción que acrediten a correcta execución da subministración ou servizo.

Unha vez rececionado o servizo e subministración, o Concello asumirá o mantemento e conservación dos mesmos durante un período mínimo de cinco anos, garantindo que non se produzan modificacións substanciais que alteren a súa natureza ou finalidade. Así mesmo, velará por que o servizo ou subministración destínese exclusivamente ao uso previsto e elaborará informes anuais de inventario e seguimento do seu mantemento.

O Concello comunicará inmediatamente á Deputación a obtención doutras axudas ou subvencións destinadas á mesma finalidade e comprométese a devolver as cantidades indebidamente percibidas ou non xustificadas, así como os intereses que correspondan cando cumpra.

3. Obrigacións vinculadas ao PRTR

O Concello asume integramente as obrigacións establecidas pola normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular as seguintes:

- a) Cumprimento normativo e de fitos e obxectivos; Cumprir a normativa europea e nacional aplicable ao PRTR e asegurar o cumprimento dos fitos e obxectivos asignados ao subproxecto, con especial atención aos prazos establecidos no Real Decreto 635/2025, na Modificación da Resolución de concesión e neste convenio.
- b) DNSH, sustentabilidade e economía circular; Cumprir o principio de “non causar un prexuízo significativo” (DNSH), de acordo co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, a Guía Técnica 2021/C 58/01 e a normativa ambiental aplicable.
- c) Etiquetaxe dixital; Garantir o cumprimento da etiquetaxe verde e dixital que corresponda á actuación, facilitando a información necesaria para a súa verificación.
- d) Prevención da fraude, corrupción e conflitos de interese; Cumprir a Orde HFP/1030/2021, achegando as DACI do persoal implicado e dos subcontratistas, e adoptando as medidas necesarias para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción, o conflito de interese e o dobre financiamento. O Concello declara o seu compromiso co Plan antifraude municipal e e coas medidas establecidas pola Deputación Provincial de Pontevedra como entidade coordinadora do PSTD.
- e) Trazabilidade, datos e cesión de información PRTR; Cumprir a Orde HFP/1031/2021, garantindo a trazabilidade dos fondos, a contabilidade separada ou equivalente e a subministración da información esixida, incluíndo a relativa a subcontratistas, titulares reais, contratistas e destinatarios finais.
- f) Control, verificación e auditoría; Someterse ás actuacións de control e auditoría da Deputación, a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado, a IGAE, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, a Comisión Europea e o Tribunal de Contas Europeo, facilitando toda a documentación requirida en formato electrónico.



- g) *Conservación documental: Conservar a documentación xustificativa durante cinco anos (ou tres anos cando o financiamento non supere 60.000 euros), conforme á normativa europea de aplicación.*
- h) *Publicidade PRTR: Cumprir as obrigacións de información, comunicación e visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 e no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021.*

4. *Obrigacións de xustificación e prazo específico*

O Concello deberá presentar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación técnica e económica completa da actuación, incluíndo todos os documentos, datos e evidencias esixidos pola normativa do PRTR, antes do 10 de xuño de 2026, co fin de permitir á Deputación cumprir os prazos de xustificación derivados do RD 635/2025 e da Modificación da resolución da concesión.

O incumprimento desta obrigación ou deste prazo terá a consideración de incumprimento esencial do presente convenio, podendo dar lugar ao reintegro das cantidades percibidas, sen prexuízo das demais responsabilidades que resulten aplicables.

5. *Responsabilidade por incumprimento*

O Concello manterá unha comunicación permanente coa Deputación de Pontevedra (Turismo Rías Baixas), informando o grao de execución, incidencias e resultados obtidos, e facilitando toda a información necesaria para o seguimento e control do convenio e para o cumprimento das obrigacións que a Deputación asume como entidade beneficiaria do PSTD.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO, XUSTIFICACIÓN E FINANCIACIÓN

Importe, orixe e natureza dos fondos

A actuación obxecto do presente convenio está subvencionada ao 100 % con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Compoñente 14, Investimento 1 (Plans de Sustentabilidade Turística en Destino).

A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o importe finalmente executado, certificado e liquidado da actuación (subministracións e servizos), sempre que sexan elixibles conforme á normativa do PRTR, até un máximo de 72.587,90 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433.4324.762.26 (Proxecto 92210004 PSTD Deza Tabeiros terra de Montes “Os camiños por dentro”).

Os fondos teñen carácter estritamente finalista, debendo destinarse integramente ás actuacións definidas na cláusula segunda, non podendo aplicarse a gastos distintos nin a conceptos non elixibles conforme á normativa PRTR.

Modalidade de pago

De conformidade co artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o Concello de Lalín xustifique adecuadamente a realización do servizo ou subministración para o que se concede a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

Xustificación de los fondos

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto, debendo o concello presentar a seguinte documentación:



1. Documentación a presentar:

- Facturas rexistradas no Punto Xeneral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE) ou plataforma equivalente.
- Contrato
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada á inversión financiada.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas ou pendentes de resolución.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas do artigo 10.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

O prazo máximo para a execución e pago efectivo das actuacións contempladas no presente convenio será o 30 de maio de 2026, segundo establécese no RD 635/2025, de 15 de xullo, que modifica o artigo 6 do Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro.

2. Outra documentación

O Concello deberá achegar calquera outra documentación exigible pola normativa vixente ou necesaria para comprobar a correcta execución do obxecto do convenio.

No caso de incumprimento do prazo e/ou perda da subvención, o concello de Lalín faculta expresamente á Deputación de Pontevedra para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lles poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2027 no Plan + Provincia.

O Concello deberá presentar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación técnica e económica completa da actuación antes do 10 de xuño de 2026, co fin de permitir á Deputación cumprir os prazos de xustificación establecidos no Real Decreto 635/2025 de 15 de xullo e na modificación da Resolución de concesión de 21 de outubro de 2025.

A xustificación técnica e económica deberá incluír, necesariamente, unha memoria técnica xustificativa da actuación executada, asinada por persoal técnico competente do Concello, na que se recolla, polo menos:

- a) Descrición detallada das actuacións realizadas, con indicación da súa adecuación ao expediente de contratación tramitado e, no seu caso, ás modificacións autorizadas.
- b) Grao de execución física e temporal da actuación, con indicación das datas relevantes e, no seu caso, incidencias producidas durante a execución do servizo ou subministración.
- c) Acreditación do cumprimento dos obxectivos e fitos asignados á actuación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.
- d) Xustificación do cumprimento do principio de "non causar un prexuízo significativo" - (DNSH), así como da etiquetaxe dixital aplicable á actuación.
- e) Relación das evidencias achegadas en materia de publicidade, información e visibilidade do PRTR, conforme ao artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, á Orde HFP/1030/2021 e ao Manual de Imaxe do PRTR.



f) Calquera outra información técnica relevante para a correcta verificación da actuación e da elixibilidade do gasto.

A memoria técnica xustificativa formará parte inseparable da xustificación final e a súa ausencia ou insuficiencia terá a consideración de xustificación incompleta, aos efectos previstos no presente convenio.

Este prazo é improrrogable e constitúe condición esencial do convenio. O incumprimento do mesmo, ou a presentación dunha xustificación incompleta, terá a consideración de incumprimento esencial, podendo dar lugar ao reintegro das cantidades xa percibidas.

Comprobación e conformidade por parte da Deputación

A Deputación levará a cabo a revisión da xustificación presentada, podendo requirir ao Concello a subsanación de calquera defecto, a achega de documentación adicional ou a aclaración de aspectos técnicos ou económicos.

A validación da xustificación por parte da Deputación acreditará:

- *a correcta execución da actuación,*
- *a elixibilidade do gasto,*
- *o cumprimento das obrigacións PRTR,*
- *e a adecuación aos fitos e obxectivos previstos.*

Imposibilidade de dobre financiación

O Concello garante que os gastos imputados a este convenio non recibirán financiamento adicional procedente de ningunha outra administración pública ou entidade privada, nacional ou internacional. Calquera axuda adicional deberá comunicarse de forma inmediata á Deputación.

Gastos non elixibles y aportacións municipais

Serán por cargo do Concello:

- *os gastos non elixibles conforme á normativa PRTR e ao PSTD;*
- *os importes derivados de modificacións do contrato ou da actuación que non fosen autorizadas nos termos previstos neste convenio ou que excedan o alcance aprobado na resolución de concesión e na súa modificación ao amparo do Real Decreto 635/2025;*
- *calquera custo adicional necesario para a execución, instalación, integración ou posta en funcionamento do equipamento de dixitalización (pantallas, sistemas audiovisuais e material auxiliar) que non estea incluído dentro do orzamento financiado ao 100 % con cargo ao PRTR.*

Control financeiro externo



Os fondos xestionados no marco deste convenio quedan sometidos á fiscalización e control do Tribunal de Contas, do Consello de Contas de Galicia, así como dos órganos nacionais e europeos de auditoría e verificación do PRTR.

O Concello deberá facilitar tanta información ou documentación lle sexa requirida durante todo o período de vida do proxecto e durante o tempo de conservación documental esixido pola normativa PRTR.

CLÁUSULA QUINTA. PROCEDIMIENTO DE EXECUCIÓN E NORMATIVA APLICABLE

Normativa PRTR e marco regulatorio

A execución das actuacións financiadas mediante este convenio axustarase ao establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR; na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, relativa á información do PRTR; na normativa de contratación do sector público; na normativa ambiental aplicable no marco do principio DNSH; e no resto de disposicións que rexan a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes”.

Ambas as partes quedan obrigadas ao cumprimento deste marco normativo durante todo o ciclo de vida da actuación.

Principio de “non causar prexuízo significativo” (DNSH)

As actuacións executaranse respectando plenamente o principio de “non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente?” (DNSH), conforme ao artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 e a Guía Técnica 2021/C 58/01.

O Concello achegará a documentación e evidencias necesarias para acreditar o devandito cumprimento durante a execución e na xustificación final.

Trazabilidade, integridade e transparencia da información

Tódolos datos, documentos e evidencias relativos á actuación deberán cumprir as esixencias de trazabilidade e integridade establecidas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021, incluíndo:

- contabilidade separada ou sistema equivalente;
- identificación completa de contratistas, subcontratistas e destinatarios finais;
- titularidade real;
- Declaracións de ausencia de conflitos de interese (DACI);
- conservación de documentos en formato electrónico;
- integridade e fiabilidade da información achegada.

O Concello será responsable da veracidade e exactitude dos datos suministrados.

Publicidade, comunicación e visibilidade

As actuacións deberán cumprir coas obrigacións de visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 e nas directrices da Deputación como entidade coordinadora do PSTD e da Secretaría de Estado de Turismo.

O Concello deberá utilizar os logotipos oficiais e coordinar coa Deputación calquera acción de comunicación institucional.

Aplicación dos principios de economía, eficiencia e eficacia



O Concello garantirá que os fondos públicos destínanse ao fin para o cal foron asignados, aplicando os principios de boa xestión financeira, economía e eficiencia.

Obrigacións en materia de contratación pública

O Concello tramitará integramente o expediente de contratación, axustándose á Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e ao marco PRTR.

Calquera modificación do contrato que afecte a elixibilidade, custos, fitos ou obxectivos requirirá a autorización previa da Deputación.

Responsabilidade no cumprimento do PRTR

O Concello de Lalín será responsable directo do cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR, sen prexuízo das funcións de coordinación, supervisión e verificación que corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra como entidade responsable do PSTD.

CLÁUSULA SEXTA. SEGUIMIENTO, CONTROL E VERIFICACIÓN

Funcións de seguimento da Deputación

A Deputación Provincial de Pontevedra realizará un seguimento continuado da execución da actuación, verificando o seu avance físico e financeiro, a adecuación ao expediente de contratación aprobado, o cumprimento dos fitos e prazos establecidos no marco do PRTR e do PSTD “Deza-Tabeirós Terra de Montes” así como o respecto ás obrigacións derivadas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Acceso a documentación e instalacións

O concello facilitará á Deputación o acceso a:

- *expedientes de contratación;*
- *informes técnicos e económicos;*
- *facturas;*
- *evidencias PRTR;*
- *documentación contable e de trazabilidade;*
- *instalacións ou espazos municipais onde se sitúen los equipos adquiridos.*

A Deputación poderá requirir documentación adicional en calquera momento que considere necesaria para verificar o correcto desenvolvemento da actuación.

Controis internos e auditorías externas

A actuación será sometida aos controis, verificacións e auditorías que poidan realizar:

- *Intervención da Deputación*
- *Intervención Municipal*
- *Intervención Xeral do Estado*
- *Órganos de control da Xunta de Galicia*
- *Comisión Europea*
- *Tribunal de Contas*



- *Tribunal de Contas Europeo*

O Concello comprométese a colaborar plenamente con todas estas entidades, facilitando a documentación requirida en formato electrónico e nos prazos establecidos.

Requirimentos durante a execución

A Deputación poderá dirixir ao Concello requirimentos de aclaración, subsanación ou achega de documentación.

Estes requirimentos deberán ser atendidos no prazo que se estableza, sendo o seu cumprimento necesario para garantir a correcta execución e verificación da actuación.

Informes de seguimento

O Concello remitirá informes periódicos á Deputación con información sobre a execución da subministración ou servizo, grao de avance, incidencias detectadas e calquera información relevante para o cumprimento das obrigacións PRTR e do PSTD.

Consecuencias do incumprimento

O incumprimento das obrigacións de seguimento, control ou subministración de información poderá constituír incumprimento esencial, podendo dar lugar á suspensión de pagos, denegación do pago final, esixencia de reintegro ou resolución do convenio.

CLÁUSULA SÉPTIMA. OBRIGAS PRTR E RESPONSABILIDADE FINANCEIRA DO CONCELLO

Responsabilidade plena na execución

O Concello de Lalín asumirá a responsabilidade directa respecto das obrigacións vinculadas á execución material, contratación, xustificación e cumprimento dos requisitos PRTR que dependen da súa actuación como entidade executora da actuación obxecto do presente convenio.

Dita responsabilidade entenderase sen prexuízo da que corresponda á Deputación Provincial de Pontevedra como entidade beneficiaria e coordinadora do PSTD ante a Secretaría de Estado de Turismo.

O Concello responderá exclusivamente polos incumprimentos que resulten imputables á súa actuación ou omisión na execución do subproxecto.

Contratación pública PRTR

O Concello será responsable de que a contratación se axuste á LCSP e ás esixencias PRTR (DACI, titular real, integridade, trazabilidade, documentación completa).

As modificacións contractuais que afecten a elixibilidade, custos, fitos ou obxectivos requirirán autorización previa da Deputación.

DNSH, sustentabilidade e etiquetaxe PRTR

O Concello garantirá o cumprimento do DNSH conforme ao Regulamento (UE) 2020/852 e a Guía Técnica 2021/C 58/01, achegando evidencias, así como o cumprimento das obrigacións de etiquetaxe dixital.

Trazabilidade e xestión de datos PRTR

O Concello deberá cumprir coas obrigacións de trazabilidade previstas na Orde HFP/1031/2021, incluíndo contabilidade separada, identificación de contratistas e titulares reais, DACI, conservación documental durante cinco anos e subministración de datos harmonizados PRTR nos prazos establecidos.



Publicidade e visibilidade PRTR

O Concello deberá cumprir as obrigacións de comunicación PRTR, utilizar os logotipos oficiais e garantir a visibilidade PRTR en todos os materiais, documentos e soportes dixitais vinculados á actuación e coordinar coa Deputación toda acción comunicativa vinculada ao proxecto.

Xustificación anticipada obrigatoria

O Concello deberá presentar a xustificación técnica e económica completa antes do 10 de xuño de 2026.

O incumprimento deste prazo terá a consideración de incumprimento esencial, cos efectos previstos neste convenio.

Responsabilidade financeira e reintegros

O Concello será responsable de calquera importe cuxa devolución sexa esixida á Deputación por incumprimentos imputables ao Concello, debendo reintegrar á Deputación o principal e os intereses que correspondan.

Prohibición de dobre financiamento

O Concello garantirá que non se producirá dobre financiamento e comunicará inmediatamente á Deputación calquera axuda adicional que puidese recibir para a mesma finalidade.

CLAUSULA OCTAVA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista neste convenio, financiada ao 100 % polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, terá a consideración de subvención de carácter finalista e estará suxeita ao cumprimento da normativa específica aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O financiamento regulado neste convenio non será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os mesmos custos imputados ao PRTR, de conformidade co principio de prohibición de dobre financiamento establecido no Regulamento (UE) 2021/241, na Orde HFP/1030/2021 e no marco regulador do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”.

No obstante, o anterior, poderán ser compatibles outras axudas que se concedan para financiar gastos distintos, adicionais ou non imputados ao presente convenio, sempre que non afecten á elixibilidade do gasto PRTR nin supoñan unha minoración do custo xustificable.

En ningún caso o importe total das axudas ou ingresos percibidos para a mesma actuación poderá superar o custo real das contratacións subvencionadas. Calquera exceso deberá ser reintegrado nos termos da normativa aplicable.

De conformidade co artigo 14.1.d) da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e o artigo 33 do seu Regulamento, o Concello de Lalín deberá comunicar inmediatamente á Deputación a obtención de calquera outra axuda, subvención ou ingreso destinado total ou parcialmente á finalidade prevista neste convenio, permitindo á Deputación realizar as verificacións necesarias para evitar o dobre financiamento.

CLÁUSULA NOVENA. REINTEGROS E RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO

Supostos de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas polo Concello de Lalín cando concorran algún dos seguintes supostos:

- a. Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas.*
- b. Incumprimento total ou parcial do obxecto da subvención ou do proxecto financiado.*
- c. Incumprimento do prazo de execución ou xustificación previsto neste convenio.*



- d. *Realización de gastos non elixibles conforme ao PRTR ou á normativa aplicable.*
- e. *Incumprimento de obrigacións derivadas da normativa PRTR, especialmente as relativas a contratación, DNSH, trazabilidade, datos harmonizados, DACI, información e publicidade.*
- f. *Incumprimento dos fitos ou obxectivos vinculados ao PRTR.*
- g. *Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control, auditoría ou verificación.*
- h. *Dobre financiamento de gastos imputados a este convenio.*

Obrigación de reintegro por esixencias doutras Administracións

Cando calquera órgano nacional ou europeo (incluíndo a Administración Xeral do Estado, a Comisión Europea, o Tribunal de Contas ou o Tribunal de Contas Europeo) esixa o reintegro de cantidades á Deputación de Pontevedra debido a incumprimentos imputables ao Concello, este deberá reintegrar á Deputación, no prazo que esta determine a totalidade dos importes afectados, xunto cos intereses de demora que resulten aplicables.

Natureza da responsabilidade financeira

O Concello asumirá:

- a. *a responsabilidade financeira completa derivada da súa actuación como entidade executora do gasto, cando resulte imputable á súa actuación ou omisión*
- b. *calquera axuste negativo, minoración, corrección financeira ou reintegro relacionado con gastos executados polo Concello,*
- c. *a obrigación de devolver á Deputación os importes indebidamente percibidos,*
- d. *sen prexuízo das accións adicionais que poidan corresponder á Deputación para esixir responsabilidades.*

Procedemento de reintegro

O procedemento de reintegro rexerase polos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e polo seu Regulamento.

En particular: A Deputación notificará ao Concello o inicio do procedemento, outorgarase audiencia, e ditarase resolución motivada fixando a cantidade a reintegrar e o prazo de ingreso.

O incumprimento do reintegro dentro do prazo fixado poderá dar lugar á exisibilidade por vía de constrinximento.

Incumprimento esencial

Terán a consideración de incumprimento esencial, e poderán dar lugar ao reintegro total da subvención:

- *a non xustificación antes do 10 de xuño de 2026;*
- *a non execución total da actuación antes do 30 de maio de 2026;*
- *a falta de cumprimento do DNSH;*
- *a omisión de evidencias PRTR que impidan a correcta xustificación;*
- *a falta de colaboración coas auditorías,*
- *e, en xeral, calquera incumprimento que afecte á acreditación dos fitos e obxectivos do PRTR.*

Efectos sobre a vixencia do convenio

O reintegro parcial ou total poderá dar lugar, no seu caso, á resolución anticipada do convenio, sen prexuízo da esixencia de responsabilidades adicionais conforme á normativa aplicable.

Cómputo de intereses

En caso de reintegro por causas imputables ao Concello, os intereses de demora calcularanse exclusivamente desde a data en que a Deputación efectúase o pago efectivo ao Concello de Lalín, e unicamente respecto dos importes cuxa devolución sexa consecuencia de incumprimentos atribuíbles ao mesmo.

En ningún caso trasladaranse ao Concello intereses derivados de períodos anteriores ao pago efectivo realizado pola Deputación.

CLÁUSULA DECIMA. FITOS E OBXECTIVOS PRTR



A actuación obxecto do presente convenio intégrase no Compoñente 14, Investimento 1 (C14.11.2) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os fitos e obxectivos asociados serán os recolleitos na ficha oficial do subproxeito cargada na aplicación COFFE pola Deputación Provincial de Pontevedra como entidade coordinadora do PSTD.

A efectos do presente convenio, considéranse obrigacións esenciais vinculadas a fitos e obxectivos:

- *A execución material completa da dixitalización prevista.*
- *O cumprimento da etiquetaxe dixital asignado á actuación.*
- *O respecto do principio DNSH.*
- *A finalización da actuación antes do 30 de maio de 2026.*

A presentación da documentación necesaria para a súa xustificación antes do 10 de xuño de 2026, a efectos de permitir a xustificación final ante a Secretaría de Estado de Turismo antes do 30 de xuño de 2026.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E VISIBILIDADE PRTR

O Concello de Lalín deberá cumprir coas obrigacións de información, comunicación e visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 e nas directrices que estableza a Deputación Provincial de Pontevedra como entidade do PSTD “Deza-Tabeirós Terra de Montes. Os camiños por dentro”.

En todas as actuacións de información ou comunicación relativas á presente actuación deberá incluírse:

- *o emblema da Deputación de Pontevedra*
- *o emblema da Unión Europea,*
- *o texto «Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU»,*
- *os elementos gráficos esixidos pola normativa do PRTR e as guías de visibilidade aplicables.*

Así mesmo, cando cumpra, utilizarase a identidade gráfica do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (España Pode), conforme á normativa vixente.

O incumprimento destas obrigacións poderá constituír causa de reintegro e será sancionable conforme aos artigos 18, 37 e 56 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións..

CLÁUSULA DUODECIMA. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese a tratar a información intercambiada con motivo da execución do presente convenio coa confidencialidade exixible, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións de transparencia, trazabilidade, cesión de información e control establecidas pola normativa do PRTR.

Os datos persoais que deban tratarse no marco deste convenio xestionaranse conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD), á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, e á normativa sectorial aplicable.

A obrigación de confidencialidade subsistirá tras a finalización do convenio, sen prexuízo da obrigación de facilitar información aos órganos de control nacionais e europeos.

CLÁUSULA DECIMO TERCERA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por:

- *Dous representantes da Deputación Provincial de Pontevedra (a Presidencia ou persoa en quen delegue, e unha acode funcionaria ou técnica designada).*
- *Dous representantes do Concello de Lalín (a Alcaldía ou persoa en quen delegue, e unha acode funcionaria ou técnica designada).*
- *A Presidencia da Comisión corresponderá á Deputación Provincial de Pontevedra. A Secretaría será designada pola Deputación e actuará con voz, pero sen voto.*



A Comisión poderá convidar a persoal técnico ou especialistas que estime oportunos, que asistirán con voz, pero sen voto.

Corresponderá á Comisión:

- a. Realizar o seguimento da execución do convenio.*
- b. Garantir a coordinación entre as partes e facilitar a comunicación institucional.*
- c. Resolver as dúbidas interpretativas do convenio e emitir, no seu caso, informes de criterio.*
- d. Impulsar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento dos prazos derivados do PRTR.*

A Comisión reunirse a iniciativa de calquera das partes, presencialmente ou por medios electrónicos. De cada sesión levantarase acta. A Comisión de Seguimento non poderá asumir competencias decisorias nin modificar o contido do presente convenio, limitándose a funcións de coordinación, interpretación e seguimento.

CLÁUSULA DECIMO CUARTA. RÉXIMEN DE MODIFICACIÓN

O presente convenio unicamente poderá modificarse mediante acordo expreso e unánime das partes, formalizado mediante adenda. As modificacións non poderán alterar o obxecto esencial do convenio nin contraviñer a normativa reguladora do PRTR, a resolución de concesión do PSTD nin a súa modificación aprobada ao amparo do Real Decreto 635/2025.

CLÁUSULA DECIMO QUINTA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e permanecerá vixente até o cumprimento íntegro das obrigacións de execución, xustificación, control e conservación documental derivadas do PRTR.

En todo caso, a súa vixencia estenderase como mínimo até a finalización do período de conservación documental esixido pola normativa europea aplicable.

CLÁUSULA DECIMO SEXTA. EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase por:

- Cumprimento total do seu obxecto.*
- Expiración do prazo de vixencia establecido.*
- Acordo unánime das partes.*
- Incumprimento das obrigacións asumidas por algunha das partes.*
- Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.*
- Calquera outra causa prevista na normativa aplicable.*

En caso de incumprimento, a parte afectada requirirá á outra para que no prazo indicado proceda á subsanación. Persistindo o incumprimento, o convenio poderá resolverse con efectos inmediatos.

A resolución por incumprimento poderá dar lugar á esixencia de reintegro das cantidades e, no seu caso, a indemnización polos prexuízos causados, de conformidade coa Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

CLÁUSULA DECIMO SEPTIMA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase por:

- a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006;*
- a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público;*
- a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común;*
- a lexislación básica do Estado en materia de réxime local;*
- a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no que resulte aplicable;*



- a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coa contratación vinculada á actuación;
- as bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra;
- e polos pactos recolleitos neste convenio.

Ao tratarse dunha actuación financiada no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, será así mesmo de aplicación a seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia;
- Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro;
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro;
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro;
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro;
- e demais normativa estatal, autonómica e europea aplicable.

CLÁUSULA DECIMO OCTAVA. REMISIÓN DO CONVENIO AO TRIBUNAL DE CONTAS

Unha vez concluído o exercicio correspondente, procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

O presente convenio sométese así mesmo ao control externo do Consello de Contas de Galicia, comprometéndose ambas as partes a facilitar tanta información e documentación sexa requirida polo devandito órgano e a colaborar no adecuado exercicio das súas funcións de fiscalización.

As controversias que non poidan resolverse mediante a Comisión de Seguimento serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

32.36289.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLES

PRÍNCIPE FELIPE

01. Sentenza da Sección de Menores do Tribunal de Instancia Praza Núm. 1 de Pontevedra, ditada no Expediente de Reforma núm. 301/25, seguido contra un menor, por feitos acaecidos no Centro Príncipe Felipe (Expte. 2026000834)

Dada conta que con data 12 de marzo 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección de Menores do Tribunal de Instancia Praza Núm. 1 de Pontevedra (recaída no Expediente de Reforma número 301/25 seguido contra o menor M.R.M., pola comisión dun delito leve de danos, ocorrido o día 16 de setembro de 2025, no Centro Príncipe Felipe, na que se condena ó menor como autor responsable do delito descrito á medida de CINCO MESES DE LIBERDADE VIXIADA coa obrigaçión de realizar un programa de prevención da violencia e un programa de regulación emocional) exonerando á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra da responsabilidade civil solidaria.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



SENTENZAS DESFAVORABLES
RECURSOS HUMANOS

02. *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 59/26, dimanante da Execución Provisional nº 32/25 que trae causa do procedemento abreviado nº 134/24, promovido por D. JUAN GABRIEL FERNÁNDEZ GARCÍA DE LA ROCHA, sobre materia de persoal (Expte. nº 2025081705)*

Dada conta que con data 5 de marzo de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 129/26 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 59/26, promovido polo ente provincial contra o auto ditado na Execución Provisional nº 32/25 que trae causa do procedemento abreviado nº 134/24 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, promovido por D. JUAN GABRIEL FERNÁNDEZ GARCÍA DE LA ROCHA no que interesaba o despacho provisional da execución da sentenza de data 18/6/25, ditada pola Sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estimatoria do recurso de apelación interposto fronte á sentenza ditada por este Xulgado de data 31/1/2025, na que se lle reconece ó demandante o dereito a ser restituído no seu posto de traballo de Xefatura de Servizo de Novas Tecnoloxías, con efectos do día 11/3/24, no que se acorda a execución provisional da sentenza nº 423/2025 de data 18/6/25, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación núm. 138/2025) na que se desestima o recurso presentado pola Excm. Deputación Provincial, con imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma.

AUTOS DESFAVORABLES
RECURSOS HUMANOS

03. *Auto da Sección do Contencioso – Administrativo do Tribunal de Instancia Praza nº 3 de Pontevedra, ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 1/26-1, dimanante do procedemento abreviado núm. 1/26, promovido por D. OSCAR BENJAMÍN CAMIÑA MARTÍNEZ, sobre materia de persoal (Expte. nº 2026004328)*

Dada conta que con data 10 de marzo de 2026, tivo entrada nesta Deputación Auto da Sección do Contencioso – Administrativo do Tribunal de Instancia, Praza nº 3 de Pontevedra (ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 1/26-1, dimanante do procedemento abreviado núm. 1/26, promovido por D. OSCAR BENJAMÍN CAMIÑA MARTÍNEZ, contra a Resolución Presidencial de data 23/10/25, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a Resolución do Deputado Delegado de Persoal de data 12/09/26, que acordou a modificación unilateral do horario laboral do posto de traballo do demandante) no que se estima a medida cautelar interesada, consistente na suspensión da executividade da resolución referida, de forma que deberán manterse as condicións de traballo que tiña previamente en tanto o proceso principal non conclúa con resolución firme, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou á mercantil *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma.



33.36290.- FÓRA DA ORDE DO DÍA. Non houbo.

34.36291.- ROGOS E PREGUNTAS. Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

